

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA  
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL  
o 30 de MAIO de 2014**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 30 de maio de 2014, ás DOCE HORAS.

## **ASUNTOS**

### **Actas**

[1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 4/14, do 25 de abril.](#)

[2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.401 á nº 8.765, de 2014.](#)

### **Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística**

[3.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Galega de Familias Numerosas para financiar o I Salón Galego de Familias Numerosas e o VII Congreso Galego de Familias Numerosas.](#)

[4.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Escolas Familiares Agrarias de Galicia para financiar o proxecto piloto de inserción profesional de mulleres rurais no marco dos servizos ás persoas.](#)

### **Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade**

[5.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do ensanche no ano 2014.](#)

[6.- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o sostemento de centros socioculturais do ámbito rural no ano 2014](#)

[7.-Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa concedida para financiar o Festival Celta do ano 2014.](#)

### **Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento**

[8.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo para financiar a construción dunha senda peonil na contorna do río Cambeda en zona urbana de Vimianzo.](#)

[9.-Aprobación dun convenio de colaboración entre al Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Excm. Deputación Provincial da Coruña para financiar as obras incluídas no proxecto construtivo de rede ciclista da área metropolitana da Coruña.](#)

10.-Aprobación do Plan de sendas peonís 2014, segunda fase.

11.-Aprobación inicial da primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.

### **Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

12.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER) para financiar o proxecto “actividades 2013”.

13.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Pontedeume para financiar o proxecto “Rehabilitación da cuberta do mercado municipal”.

14.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Federación de Entidades Empresariales del Comercio de A Coruña para financiar o proxecto “Campaña de Concienciación ao consumidor”.

15.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e a Federación de Empresarios da Costa da Morte (FECOM) para financiar o proxecto “Adquisición dun local social”.

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarios de Hostelería da Coruña para financiar o proxecto “Plan de Formación”.

### **Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

17.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Ampliación abastecemento. Virizo, Montemeao e outros”, do Concello de Cedeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013. Código: 13.2100.046.0.

18.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Pavimentación e melloras en oito tramos do viario municipal”, do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013. Código: 13.2100.0103.0.

19.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para o financiamento das obras de “Camiño de DP 2405 (Cerceda a Mesón do Vento) a depuradora”.

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para o financiamento das obras de “Reforma para a mellora das rúas comerciais da contorna do Campo da Feira para a revitalización do comercio local”.

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento da subministración de “Paneis promocionais de Corcubión”.

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento das obras de “Mellora da impermeabilización en instalacións municipais”.

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe para o financiamento das obras de “Reparación e acondicionamento da cuberta do polideportivo municipal de Laxe”.

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento das obras de “Reurbanización da rúa do Tambre”.

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento das obras de “Mellora de pavimentación nas parroquias de Adragonte, Velouzás, Viñas e Quintas”.

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Pino para o financiamento das obras de “Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito”.

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sada para o financiamento das obras “Mellora das condicións de evacuación, accesibilidade e de atención ao cidadán no edificio de servizos administrativos do concello”.

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sobrado para o financiamento das obras de “Acondicionamento de camiños en Grixalba e Cumbras”.

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Zas para o financiamento das obras de “Reposición de lousado de beirarrúas e mobiliario en travesía de Santiago, Zas, e colocación de marquesiñas en r/ Bispo Romero Lema”.

### **Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

30.-Informe sobre o estado de execución presupostaria o 30/04/2014 e proxección ao 31/12/2014.

31.-Expediente de modificación de créditos número 2/2014.

32.-Informe sobre o estado de tramitación das facturas correspondentes ao primeiro trimestre de 2014, en aplicación do establecido na Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (BOE nº 163, do 6 de xullo de 2010).

33-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do artigo 16 da orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Execución primeiro trimestre das entidades locais 2014.

34.-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do establecido na orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Información salarial do persoal da administración (Programa ISPA).

35.- .-Dar conta da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do establecido na orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Liquidación dos presupostos do exercicio 2013 da Deputación Provincial e do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento.

36.-Proposta de actualización dos modelos de tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pagamento de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

## DEPUTACIÓN PROVINCIAL

### DA CORUÑA

#### SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 30 DE MAIO DE 2014

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 30 de maio de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

#### CONCORRENTES

#### PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

#### ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO	BNG
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ	PSOE
DON MANUEL COSTA CARNEIRO	PP
DON JOSÉ DAFONTE VARELA	PP
DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ	BNG
DONA MARÍA PADÌN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO	PP
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON RAMÓN TOJO LENS	PP
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. Secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

### **1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 4/14, DO 25 DE ABRIL.**

Apróbase a acta da sesión anterior nº 4/14, do 25 de abril.

### **2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 6.401 Á Nº 8.765, DE 2014.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 6.401 á nº 8.765, de 2014.

### **3.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS PARA FINANCIAR O I SALÓN GALEGO DE FAMILIAS NUMEROSAS E O VII CONGRESO GALEGO DE FAMILIAS NUMEROSAS.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados (PP)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e as abstencións do PSOE e do BNG, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de abril de 2014.

2.- Aprobar o convenio coa Asociación Galega de Familias Numerosas (G15428600), correspondente á subvención nominativa, por importe de **5.359,37 €**, concedida para financiar os gastos do *I Salón Galego de Familias Numerosas e o VII Congreso Galego de Familias Numerosas*, cun orzamento subvencionado de 8.760,61 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos, de conformidade co establecido no art. 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

**“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Coruña e a Asociación Galega de Familias Numerosas para cofinanciar os gastos do I Salón Galego de Familias Numerosas e o VII Congreso Galego de Familias Numerosas**

A Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Luís Sánchez González presidente da ENTIDADE ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008 e a lexislación vixente en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero) e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Dado o interese coincidente da Deputación e da ENTIDADE ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:



## I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS con NIF G-15428600, para o financiamento dos gastos do I Salón Galego de Familias Numerosas e o VII Congreso Galego de Familias Numerosas.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
<b>VII CONGRESO DE FAMILIAS NUMEROSAS</b>	
Aluguer Expocoruña (19/10/2013)	2.216,85 €
Animación infantil	1.430,00 €
Azafatas-monitoras/es	900,00 €
Premios	170,61 €
Compra de camisetas voluntarios	234,00 €
Relatores	686,14€
Aloxamento relatores	295,00 €
<b>SUBTOTAL</b>	<b>5.932,60 €</b>
<b>I SALÓN GALEGO DE FAMILIAS NUMEROSAS</b>	
Aluguer Expocoruña (19 e 20/10/2013)	2.216,85 €
Animación	495,00 €
Cartelería	116,16 €
<b>SUBTOTAL</b>	<b>2.828,01 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>8.760,61 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **5.359,37 €**, o que representa unha porcentaxe 61,17%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **61,17%**, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231F/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá solicitar, polo menos, tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato

adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo previsto, non se teña presentara a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á

actividade...”. Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrara o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no

que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 outubro do ano 2013**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro do 2014**.

2.Para o caso de que a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES antes do 30 de xuño de 2014 e presentada a xustificación antes do día 30 de xullo de 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano 2014. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **4.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FEDERACIÓN DE ESCOLAS FAMILIARES AGRARIAS DE GALICIA PARA FINANCIAR O PROXECTO PILOTO DE INSERCIÓN PROFESIONAL DE MULLERES RURAIS NO MARCO DOS SERVIZOS ÁS PERSOAS.**

##### INTERVENCIÓNS

###### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Nós imos votar que non a este punto, e quixera explicar as razón do non. Imos votar que non porque non coñecemos o proxecto piloto que se vai desenvolver, porque entendemos que isto dentro do que son os obxectivos da Rede Xiana que está desenvolvendo a Deputación dende hai anos con financiamento da Unión Europea, onde o obxectivo fundamental da Rede Xiana é combater os desequilibrios entre zonas urbanas e rurais, tanto en materia de emprego como en servizos básicos de atención a persoas dependentes, que pode coincidir cos obxectivos que ten esta Asociación e non coñecemos o que dicía, á parte de que ten reparos, non coñecemos o Plan piloto que queren facer, entendemos que só se vai financiar catro persoas, e a Seguridade Social desas catro persoas e o aluguer duns locais onde entendo que se vai desenvolver algún tipo de actividade formativa. O punto fundamental é que, se nestes momentos a Deputación está desenvolvendo a Rede Xiana que ten como obxectivo fundamental este, non ten sentido subvencionar a unha asociación sen ánimo de lucro para facer unha cousa que xa está facendo a Deputación, esa é a razón do noso non.

###### Sra. Rodríguez Pérez

Grazas, Sr. Presidente, bos días a todos. En primeiro lugar hai que dicir que si que ten reparo, igual que o teñen todos os convenios que están vindo ao Pleno desta Deputación da Coruña, e este é un máis, non é unha excepción. E por outro lado teño que dicir que é un proxecto piloto que na comisión si que me puideron preguntar e podería explicar máis, pero ninguén o fixo. Hai que dicir que vai dirixido fundamentalmente a asociacións do medio rural e, sobre todo, para mulleres para traballar na formación e na empregabilidade, dirixido fundamentalmente a mulleres no medio rural, e pareceunos penso que un proxecto interesante.

###### Sr. Presidente

De todos os xeitos creo que no propio expediente está tamén explicado o propio proxecto, non está como anexo o propio proxecto?...si, pero pódese pedir como información complementaria o anexo, vale, que o saiba tamén para que o poida coñecer.

##### VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados (PP)  
Votan en contra: 9 deputados (PSOE)  
Abstéñense: 5 deputados (BNG)



## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP, en contra do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 16 de abril de 2014.

2.- Aprobar o convenio coa Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia (G15299357), correspondente á subvención nominativa, por importe de **30.000 €**, concedida para financiar os gastos do *Proxecto piloto de inserción profesional de mulleres rurais, no marco dos servizos ás persoas para 2014*, cun orzamento subvencionado de 37.500 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia, con CIF: G15299357, para o financiamento dun proxecto piloto de inserción profesional de mulleres rurais, no marco dos servizos ás persoas para 2014.**

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

### **REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Enrique Rodríguez Rendo, presidente da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

### **MANIFESTAN**

É competente a Deputación para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como coa Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008.

Conforme as leis citadas é competente a Deputación para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen as ditas actividades.

Dado o interese coincidente da Deputación e da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia, ambas as dúas partes

## **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia (G15299357), para o financiamento dun proxecto piloto que pretende traballar a inserción laboral dun colectivo de mulleres de zonas rurais desfavorecidas nas comarcas da Costa da Morte, zona de Ordes, e zona de Arzúa-Terra de Melide.

### **II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

<b>CONCEPTO</b>		<b>Nº UNIDADES</b>	<b>PREZO UNITARIO</b>	<b>IMPORTE</b>
GASTOS DE PERSOAL	Soldos e salarios	4	6.120	24.480 €
	Seguridade Social a cargo da entidade	4	2.055	8.220 €
GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	Alugueres	3	400	1.200 €
	Subministracións	3	400	1.200 €
	Servizos exteriores	3	800	2.400 €
<b>TOTAL</b>				<b>37.500 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80%, da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231F/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito

Para a anualidade 2014 existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel existe dotación orzamentaria adecuada e suficiente para afrontar o gasto.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3.No caso de que a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

- § Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- § Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- § Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixo constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- § Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- § Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- § Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- § Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza suficiente, poderase expedir por adiantado ata o 50 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.

A Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

Non será posible expedir un pago anticipado se a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizase o prazo previsto, non se presentase a xustificación correspondente.

Para a recepción dos fondos anticipados, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá ter unha conta bancaria co título "Fondos para atender á actividade...". Con cargo á dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamentos que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade prevista.

## **VII.- TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, que se realizarán entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014**, deberán estar rematadas **antes do 30 de xuño de 2015**.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA, é dicir, **antes do 30 de xullo de 2015**.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na base 55.6 das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es 4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de setembro de 2015**.

2. Para o caso de que a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 30 de xullo**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha

solicitud motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2015**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da Federación Escolas Familiares Agrarias de Galicia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

#### **5.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DO CENTRO SOCIOCULTURAL E XUVENIL DO ENSANCHE NO ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da



Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26 de marzo de 2014.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 144.000 €, concedida para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche* durante o ano 2014, cun orzamento subvencionado de 180.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2014.***

Na Coruña, o

**REUNIDOS**

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O Sr. D. Ángel Currás Fernández, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ámbalas partes recoñécense mutuamente na calidade que intervén con capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

1.- Mediante acordo adoptado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada o 26 de xullo de 2002, aprobouse a subscripción dun convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e Caixa Galicia, polo que Caixa Galicia cedíalle á Deputación da Coruña o uso a título gratuito de 1.268,50 m<sup>2</sup> na planta baixa do local sito na rúa Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Xuvenil.

A dita “obra benéfico-social en colaboración” foi aprobada por acordos da Asemblea Xeral da Caixa de Aforros de Galicia, con datas do 16 de xuño de 2001 e 22 de xuño de 2002.

O acordo entre as dúas entidades foi suscrito o 30 de xullo de 2002 e formalizouse en documento administrativo nº 64/2002.

2.- Con data do 19 de abril de 2005 o alcalde de Santiago de Compostela dirixiuse a esta Deputación para solicitar a integración do Centro Xuvenil na Rede Municipal de Centros Socioculturais para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños, á

vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo á citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2006, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso do local sito na rúa de Frei Rosendo Salvado nº 14-16 en Santiago, destinado a Centro Sociocultural e Xuvenil, para xestionalo o Concello de Santiago de Compostela.

4.- O convenio de cesión de uso formalizouse o día 31 de maio de 2006 en documento administrativo nº 37/2006 e, entre as condicións da cesión, establecíase unha achega da Deputación para a posta en funcionamento e mantemento do Centro durante catro anos.

5.- Tendo en conta o anterior e coa finalidade de establecer as condicións desta colaboración, A Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CIF: P1507900G) para financiar o **sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2014.**

O centro presta os seguintes servizos: Punto de recepción e información, Aula de Novas Tecnoloxías, Espazo de lectura e encontro, Zona wifi e punto de acceso informático, Rexistro auxiliar, Unidade básica de servizos sociais, Departamento de Xuventude, Dirección da Rede de Centros Socioculturais, Biblioteca infantil e xuvenil e Zona expositiva.

No centro desenvólvense as seguintes actividades:

\* Cursos e obradoiros: ioga, ximnasia de mantemento, obradoiro de memoria, iniciación á lingua e cultura árabe, clubs de lectura, xadrez, teatro, novas tecnoloxías.

\* Actividades complementarias: venres en familia, conferencias.

\* Actividades puntuais: Samaín, campaña de sensibilización contra a SIDA, Nadal, Entroido.

### **II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela.**

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

*Persoal*

3 uxieres	67.797,28.-
2 animadores socioculturais	77.003,64.-
1 auxiliar administrativo	31.010,32.-

*Mantemento*

Mantemento e subministracións 4.188,76.-

**Total** **180.000,00 €**

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **144.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do Centro Sociocultural e Xuvenil Municipal do Ensanche e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se vai xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa

e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos

procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá producir a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

2.- Tras a solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”



## **6.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O SOSTEMENTO DE CENTROS SOCIOCULTURAIS DO ÁMBITO RURAL NO ANO 2014**

### **INTERVENCIÓNS**

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, como imos votar que non, quería explicar tamén as razóns do non.

No ano 2000, nesta Deputación, sendo presidente o Sr. Torres Colomer e deputado, creo que era de Cultura, o Sr. Dositeo Rodríguez, adoptouse o acordo de crear, construír, locais veciñais en municipios de máis de 50.000 habitantes. En Santiago construíuse o centro xuvenil do Ensanche, que aprobamos o financiamento no punto número cinco, votamos favorablemente, e creáronse catro centros máis, o de Santa Cristina de Fecha, o de Villestro, o de Rocha e da Ruta Xacobeá. Nosoutros entenderíamos que a Deputación contribuíse a financiar a actividade e mantemento destes centros sociais que fixo a Deputación e lle cedeu ao Concello de Santiago, e que o Concello de Santiago está xestionando, porque entendemos que o Concello de Santiago se non recibe financiamento da Deputación pode dicirlle á Deputación, aí lle devolvo os locais veciñais, fágase vostede cargo da súa xestión. Pero é que neste punto número seis non se nos propón financiar estes catro centros veciñais que construíu a Deputación senón que se nos propón financiar vinte centros veciñais, é dicir, financiamos dezaseis a maiores, e non entendemos esta discriminación con respecto ao resto dos concellos. En case todos os concellos da provincia hai centros veciñais que financian os concellos cos seus propios orzamentos, e non nos parece razoable que a Deputación financie os centros veciñais do Concello de Santiago, e esta é a razón pola que nós imos votar que non, votariamos que si, como votamos a favor do punto número cinco, que é o centro xuvenil, que construíu tamén a Deputación non Ensanche, na Praza Roxa de Santiago, votariamos que si se fose para financiar eses catro centros que fixo a Deputación, pero como se financian eses catro centros máis dezaseis máis, entendemos que non é nin lóxico, nin razoable, e que supón unha clara discriminación con respecto ao resto dos concellos da provincia que financian dos seus propios orzamentos o mantemento das actividades dos centros veciñais, esa é a razón do non.

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: 9 deputados (PSOE)

Abstéñense: ningún deputado

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e o BNG, e en contra do PSOE, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 140.000 €, concedida para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2014*, cun orzamento subvencionado de 175.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento”.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar o *Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2014***

Na Coruña, o

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Ángel Currás Fernández, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

1.- No ano 2000 a Deputación iniciou o Plan de apoio veciñal, no que se incluía o “Programa de construción ou adquisición e equipamento de locais para asociacións de veciños de concellos de máis de 50.000 habitantes”.

Neste programa incluíronse os locais das seguintes asociacións de veciños do concello de Santiago: AAVV “Nosa Señora de Belén”, de Santa Cristina de Fecha, AAVV “A Unión de Santa María de Villestro”, AAVV da Rocha “Serafín Zas” e AAVV “Ruta Xacobeá”.

2.- Con data do 5 de agosto de 2004, mediante decreto da Alcaldía, o Concello de Santiago de Compostela solicitoulle á Deputación a cesión dos locais sinalados coa finalidade de integralos na rede de centros socioculturais do Concello para, deste xeito, poder atender as necesidades dos veciños das devanditas zonas, á vez que facer posible unha mellor coordinación de cara a unha xestión integral e non discriminatoria que propicie a mellor utilización dos recursos.

3.- Atendendo a citada petición, o Pleno da Deputación, en sesión extraordinaria celebrada o 25 de novembro de 2004, aprobou definitivamente o expediente de cesión do uso de locais ao Concello de Santiago de Compostela coa finalidade de

incorporalos á Rede Municipal de Centros e Locais Socioculturais, que foi asinada o 29 de decembro de 2004.

4.- Co obxectivo de dinamizar estes centros e locais socioculturais do rural, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve un programa de accións que promovan a creación de afeccións lúdicas e formativas en coñecementos e destrezas básicas de distintas disciplinas, que fomenten a interrelación social, a participación cidadá e o encontro interxeracional ao longo de todo o ano.

5.- Tendo en conta que a Deputación considera de interese financiar estas actividades, no orzamento da Deputación, para o ano 2014, aprobado polo Pleno, foi incluído o crédito destinado para o seu financiamento, polo que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio que se rexerá polas seguintes:

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1507900G) para financiar o **Programa de actividades dos centros socioculturais do ámbito rural no ano 2014**.

As accións incluídas nesta programación son as seguintes:

\* *Programa de animación e dinamización dixital-Novas tecnoloxías da información 2014*.- Aulas de informática e aulas de talleres.

\* *Programa de educación e formación permanente 2014*.- Obradoiros e cursos.

\* *Programas estacionais 2014*.- Programa “Vive o verán”, Programa “Vive o Nadal”.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Santiago de Compostela.

O Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de animación e dinamización dixital	135.000.-
Programa de formación permanente	15.000.-
Programa estacionais	25.000.-
<b>Total</b>	<b>175.000 €</b>

Estes orzamentos correspóndense a gastos correntes: aluguer de infraestrutura técnica, contratación administrativa de servizos técnicos para impartir e guía de actividades (monitorado, profesorado, artistas...) montaxes, transportes, materias funxibles, edición e distribución de material informativos.

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **140.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **80 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o Concello de Santiago de Compostela que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao Concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como

informática e audiovisual) correspondente ás actividades dos centros socioculturais do ámbito rural e na súa páxina web.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

## **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se vai xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá producir a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Despois da solicitude do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **7.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE ORTIGUEIRA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR O FESTIVAL CELTA DO ANO 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Ortigueira correspondente á subvención nominativa, por importe de 80.000 €, concedida para financiar o *Festival Internacional do Mundo Celta 2014*, cun orzamento subvencionado de 300.000 €, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento”.

### **Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ortigueira para a celebración do *Festival Internacional do Mundo Celta 2014***

Na Coruña, o

#### **REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Rafael Girón Martínez, Alcalde do Concello de Ortigueira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Ambas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

#### **EXPOÑEN**

1.- A Deputación Provincial e o Concello de Ortigueira exercen competencias en materia de actividades culturais e de promoción, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

2.- No Concello de Ortigueira vense celebrando dende 1978 o *Festival Internacional do Mundo Celta*, o cal acadou renome tanto a nivel nacional, como internacional, promovendo o Concello de Ortigueira e, dunha forma indirecta no ámbito cultural, turístico e social á provincia e á comunidade autónoma que o declarou de Interese turístico para Galicia.

3.- Actualmente o *Festival Internacional do Mundo Celta*, foi declarado de interese turístico nacional e, no ano 2005, foi declarado de interese turístico internacional polo Goberno de España. Por todo iso debe coidarse moito a calidade da programación artística, infraestruturas e servizos, de xeito que acade en cada edición, un nivel máis

alto; isto supón uns gastos que non poden ser financiados exclusivamente a través dos orzamentos xerais do Concello.

4.- Atendendo á finalidade da actuación que pretende o Concello de Ortigueira e tratándose dun evento cultural e turístico que, ademais, promove en diversos ámbitos o concello é, polo tanto, susceptible de recibir axudas da Deputación, a través do seu orzamento de gastos, é polo que ambas as administracións acordan formalizar o presente convenio, de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ortigueira (CIF: P1506200C) que permita a celebración do **Festival Internacional do Mundo Celta 2014** os días 17, 18, 19 e 20 de xullo de 2014.

### II.- Orzamento de gastos da actividade que vai realizar o Concello de Ortigueira.

O Concello de Ortigueira desenvolverá as actividades programadas consonte ao seguinte orzamento:

#### 1.- Actuacións musicais e contratacións artísticas

Cachés de grupos, viaxes bandas de música, desprazamentos, hoteis 108.000.-

#### 2.- Escenarios e produción. Aluguer de infraestruturas

Escenarios, iluminación, son, electricidade, xeradores, produción, persoal de produción, de son, técnicos, backline, tarimas de escenario 71.000.-

3.- Aloxamento e manutencións 35.000.-

#### 4.- Publicidade, promoción

Comercialización (*merchandising*), anuncios, traballos gráficos, exposicións fotográficas, electricidade 25.000.-

5.- Protección Civil e seguridade privada 26.000.-

#### 6- Servizos xerais e infraestruturas

Módulos de aseos e duchas, diáfanos, tractor cisterna, material diverso para servizos, limpeza zona de concertos 25.000.-

#### 7.- Prensa, vídeo e relacións externas

Servizo de prensa, vídeos oficiais, servizos externos 10.000.-

**Total gastos 300.000 €**

### **III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

1.- A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **26,667 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 26,667 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Ortigueira obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- Contratación e execución.**

1.- Corresponderalle ao Concello de Ortigueira o outorgamento dos contratos de subministración, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

2.- No procedemento de contratación, o Concello de Ortigueira axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

### **V.- Publicidade do financiamento provincial.**

1.- O Concello de Ortigueira incluírá en toda a publicidade que realice con motivo do ***Festival Internacional do Mundo Celta*** e na súa páxina web á Deputación Provincial da Coruña como institución que subvenciona o evento. Ademais reservarase un espazo no recinto do Festival para que esta poida instalar un *stand* e así mesmo, un tempo destinado á emisión de vídeos publicitarios da Deputación entre as actuacións artísticas do escenario principal.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Ortigueira.

#### **VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

1.- A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Ortigueira do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable que se vai xustificar. O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (26,667 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe do 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

\* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

\* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos de documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

\* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

\* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se fixo das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

\* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

3.- Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Ortigueira terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Ortigueira deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Ortigueira para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional motivará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Ortigueira da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

1.- O Concello de Ortigueira deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

1.- O Concello de Ortigueira destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

### **X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Ortigueira poderá escollelo a Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Ortigueira queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá producir a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos

recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na base 56ª das de execución do orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na base 56ª 6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades motivará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

## **XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Ortigueira serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Ortigueira será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web [dicoruna.es](http://dicoruna.es)

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



### **XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2015, autorice o correspondente orzamento.

2.- Tras a solicitude do Concello de Ortigueira, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### **XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Ortigueira, respectivamente.

3.- Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.”

### **8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA FINANCIAR A CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RÍO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO.**

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio co Concello de VIMIANZO con CIF P1509300H, para financiar a construción dunha

SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RIO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO cunha achega de 36.000,00 euros con cargo á partida 0112/155A/762.01 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 79.96199% sobre un orzamento subvencionable de 45.021,39 € euros, así como os informes que constan no expediente:

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 8 de maio de 2014.

2.- Aprobar a formalización e o texto do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vimianzo con C.I.F\_P1509300H, para financiar a construción dunha SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RIO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO, cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 36.000,00 € o que representa unha porcentaxe de financiamento do **77,97946 %** con respecto un orzamento de **46.166,00 €** que serán aboados con cargo á aplicación orzamentaria 0112/155A/762.01 cuxo texto se transcribe a continuación do presente acordo.

## CONVENIO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VIMIANZO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DUNHA SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RIO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO

A Coruña, na sede da Deputación Provincial da Coruña

### Reunidos

Dunha parte o Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Alcalde-Presidente do Concello de VIMIANZO, D. Manuel Antelo Pazos

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de VIMIANZO ambas as dúas partes

## A C O R D A N

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de VIMIANZO con CIF P1509300H para o financiamento da obra de construción dunha SENDA PEONIL NA CONTORNA DO RIO CAMBEDA NA ZONA URBANA DE VIMIANZO, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto municipal D. Julio Vázquez Rodríguez,

2- O Concello de VIMIANZO, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de VIMIANZO, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detallado do seguinte xeito:

P. E.M:	32.061,95 €
GASTOS XERAIS	4.168,05 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	1.923,72 €
IVE (21%)	8012,28 €
<b>TOTAL</b>	<b>46.166,00€</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **36.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe do **77,97946 %**.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **77,97946 %**. da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/155A/762.01, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Concello de VIMIANZO de que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao Concello de VIMIANZO o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de VIMIANZO axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de VIMIANZO tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de VIMIANZO estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1º Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de VIMIANZO pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2º Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello de VIMIANZO, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

- 

3º O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de VIMIANZO na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello de VIMIANZO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

#### **VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de VIMIANZO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de VIMIANZO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de VIMIANZO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O Concello de **VIMIANZO** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O Concello de VIMIANZO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de VIMIANZO poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de VIMIANZO queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses.

Se o atraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación desta serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de VIMIANZO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a data da súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro de 2014.

2. Para o caso de que o Concello de VIMIANZO non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación antes do día 11 de setembro de 2014, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegará coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de novembro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de VIMIANZO perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data



3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do Concello de VIMIANZO, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE VIMIANZO

DIEGO CALVO POUZO

MANUEL ANTELO PAZOS"

**9.-APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AL DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUÍDAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO DE REDE CLICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA.**

#### INTERVENCIÓNS

Sr. Requeira Varela

Bo día a todos e a todas, en todo caso vaia por diante que nós estamos a favor nunha parte importante das obras que están comprendidas neste convenio, mais gustaríanos, se é posible, que o punto quedara enriba da mesa e poder discutilo, aquí dende que empezou este mandato propuxéronse comisións político-técnicas para avaliar proxectos, e cremos que este proxecto ten o calado suficiente como para

que dende as áreas políticas e técnicas da Deputación, con representación de todos os grupos, poidamos falar deste tema. Polo tanto, antes de intervir sobre o fondo do asunto, gustaríame, se é posible, que este punto quedara sobre a mesa.

Sr. Presidente

Non, non imos someter a aprobación iso.

Sr. Requeira Varela

Imos absternos neste punto porque xa, repito, estamos de acordo cunha boa parte das obras que aquí se propoñen, pero primeiro consideramos que non é un proxecto estritamente de mobilidade, dános a sensación de que é moito máis un proxecto de sendeiro cicloturista que un proxecto de mobilidade, a mobilidade é outra cousa, a mobilidade é fomentar o uso da bicicleta nas vías urbanas, e mesmo o proxecto refírese ás vías compartidas entre os diferentes medios de mobilidade, tanto motorizados como non motorizados, iso sería un proxecto de mobilidade, aquí creo que estamos falando dunha ruta cunha evidencia turística clara. En todo caso a nós parécenos que hai un desequilibrio evidente entre o que imos investir neste proxecto, turístico insisto, que para nós é turístico, e por exemplo o que estamos investindo na reparación e mantemento das vías provinciais. As nosas estradas están bastante mal, e estamos facendo o esforzo xustísimo para que non estean moito peor, e por elas tamén circulan ciclistas, evidentemente, xente que anda en bicicleta, a nós parécenos que isto merecería unha reflexión moito máis profunda, é unha ocasión importante da Deputación da Coruña para este proxecto, e insistimos, nós cremos que a mobilidade é outra cuestión e a pesar de que nunha boa parte da filosofía do proxecto e nalgunha das obras que están incluídas neste convenio estamos de acordo, noutras discrepamos absolutamente, e cremos que se debería buscar un equilibrio entre o que se persigue con este proxecto, e o que estamos deixando de facer noutras áreas que son competencia exclusiva da Deputación e que deberíamos de intervir en patrimonio que é propiedade da Deputación.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, non lle oculto ás Sras. e Sres. deputados que no Grupo Socialista estivemos debatendo sobre este tema e debatendo sobre a orientación do voto do Grupo a este punto e decidimos votar que si, aínda que non é unha obra que responda a unha demanda social nestes momentos e entendendo que estamos vivindo situacións difíciles dende o punto de visto económico, que xeran exclusión social e que xeran grandes necesidades a capas importantes da sociedade, faciamos o debate de se deberíamos dedicar estes tres millóns a temas sociais, dada a situación que estamos vivindo, e defender isto no Pleno, ou que posición teríamos con isto, e decidimos votar que si. Somos partidarios de que a Deputación siga atendendo as cuestións sociais, os temas sociais, como está atendendo, e se pode ser que se incrementen, e xa se incrementa me parece que no expediente de modificación de créditos, pero entendemos que nunha época de crise, non só a atención social é necesaria por parte dos poderes públicos, é necesaria e urxente, por suposto, que non se entenda mal, pero o investimento produtivo tamén é necesario, porque o que mantén o estado do benestar, o que mantén as políticas de protección social, o que mantén o desemprego é a xeración de emprego, e este proxecto de tres

millóns seiscientos mil vai xerar emprego, vai xerar persoas traballadoras que van cobrar nóminas, que van consumir, que van pagar impostos, que van cotizar á Seguridade Social, e que van permitirlles ás administracións públicas soste as políticas de protección social que son tan necesarias neste momento. Entón, aínda entendendo que non é unha demanda, que isto non responde a unha demanda que está na rúa, entendemos que é unha opción de futuro para a área metropolitana da Coruña. Nas grandes cidades, a vida de hoxe esixe cambiar o coche por outros medios alternativos, como pode ser a bicicleta, e este proxecto incardínase nun proxecto máis amplo, que parece ser que quere facer a Xunta, e que agardo que se faga, cunha lonxitude de dous mil trinta e un quilómetros, e que vai comunicar todos os concellos de máis de 5.000 habitantes da provincia. Este convenio que se somete a votación, que é o convenio de aprobación do proxecto, vai comunicar os núcleos urbanos de Arteixo, A Coruña, Vilaboa, O Burgo, Santa Cristina, Santa Cruz e Mera, á parte de facer unha vía desde Cecebre á Ponte da Pasaxe, e da Ponte da Pasaxe ata Barrañán, e de Barrañán ata Mera, entendemos que van ser oitenta quilómetros, que van permitirlles aos cidadáns que queiran, e de feito hai xente da Deputación que vén traballar en bicicleta, que vai permitir que poidan vir en bicicleta, circular en bicicleta, favorecendo a mobilidade e a substitución paulatina do coche pola bicicleta.

Entón, imos votar que si, entendemos sr. Presidente que non é unha necesidade, pero que é algo de futuro que é importante. Facemos votos porque a Xunta desenvolva este proxecto que ten e esperamos que contribúa a mellorar a accesibilidade e invitamos a utilizar, cando estea en marcha, a utilizar a bicicleta como medio alternativo ao automóbil.

#### Sr. Ruiz Rivas

Bos días, Sres. e Sras. deputados. En primeiro lugar hai que dicir que ao noso Grupo o que lle sorprende é a diferente posición que adoptan vostedes en cada un dos puntos que teñen que ver cos convenios, todos eles sustentados ben en modificacións de créditos ou nos propios orzamentos, moitos deles coa continuidade ao longo dos anos, e non obstante a súa postura parece mudar segundo as circunstancias, veremos se seguimos facendo o mesmo, e tendo esa mesma postura, cando se refiran ás infraestruturas que van beneficiar a moitos concellos, a moitos concellos igual do signo político que vostedes defenden e, polo tanto, creo que están perdendo un pouco a equidade na toma de decisións á hora de valorar o que son os convenios.

Dito isto, e dicindo en primeiro lugar, e como cuestión previa que o mantemento no que son as redes de comunicación provinciais non só non baixa, senón que está en termos relativos dentro do orzamento en niveis máis altos dos que había, hai que dicir que hai tamén convenios neste caso, como viña ratificando o Grupo Socialista, que todos teñen que ver con infraestruturas, e hoxe presentamos tamén a posibilidade deste convenio que vai supoñer que a Deputación se poña unha vez máis na vangarda do que é a seguridade viaria, seguridade viaria que vén intentando tamén mellorar a través do que son outra serie de iniciativas como as sendas peonís, as sendas verdes, etc. Eu creo que independentemente do que aquí se dixo, isto si que entra dentro dun plan de mobilidade, de feito hai contornos urbanos importantes en toda a área metropolitana da Coruña, onde existen xa cincuenta e tres quilómetros, e onde se van comunicar coa posibilidade deses oitenta

quilómetros. Polo tanto, si entra dentro dun plan de mobilidade, pero aínda que non entrara dentro dun plan de mobilidade, non só xera emprego, como dicía o Sr. Moreda, sobre todo o que xera son hábitos e os hábitos son os que cambian á sociedade, e os ámbitos son os que precisamente fan que a xente utilice ou non o transporte urbano en medios diferentes ao actual, é dicir, a bicicleta. Polo feito de facer simplemente un carril-bici a xente non se mete seguramente a circular en tramos urbanos aínda perigosos, se antes non ten outra serie de lugares onde practicar esta modalidade, non só deportiva, senón de transporte, polo tanto, o que dicimos, non só xera emprego, non só axuda a ese Plan de mobilidade, por certo incluído tamén dentro dalgún Plan de mobilidade aprobado nalgún destes concellos, senón sobre todo xera hábitos e pon á Deputación no que é a vangarda, unha vez máis, deste tipo de proxectos.

Polo tanto, o noso Grupo si o vai apoiar, e si vai ter unha postura coherente, equitativa, con cada un dos convenios que aquí veñen, independentemente moitas veces das características dese convenio. Parécenos que o que veñen é a dar virtualidade a acordos previamente moitos deles contidos en modificacións presupostarias ou plenarias, e polo tanto, o noso Grupo vai ser plenamente consecuente con esas decisións adoptadas anteriormente e imos seguir facéndoo ao longo de todo este Pleno e espero que o resto das súas señorías puideran facer o mesmo. Máis nada, moitas grazas, Sr. Presidente.

#### Sr. Requeira Varela

Estásenos botando aquí unha reprimenda, entendemos que podemos votar a favor, absternos, ou votar en contra dos convenios que consideremos.

En todo caso, por recalcar o tema da nosa abstención neste punto. Evidentemente, a práctica deportiva da bicicleta non vai utilizar un carril-bici, o problema do deporte do bicicleta, na provincia da Coruña, sobre todo, e que as persoas que practican o ciclismo moitas veces non teñen nin beiravía nas estradas para circular, e nas estradas provinciais en moi poucas, ao mellor teríamos que formularnos a seguridade das estradas provinciais, iso para empezar. E que non é un tema de mobilidade, eu vou poñerlle un exemplo moi concreto, imos pasear en bicicleta á beira do mar, unindo zonas de paseo marítimo, ben, iso é un proxecto de ruta cicloturista ou como queiran vostedes chamarlle, agora a pregunta é, poderán os estudantes e as estudantes da cidade da Coruña achegarse aos campus universitarios en bicicleta?, non, poderán os traballadores e traballadoras da área metropolitana da Coruña achegarse aos polígonos industriais en bicicleta?, non, poderanse facer xestións en diferentes puntos, moi transitados por xente por culpa do traballo administrativo ou o que sexa, en bicicleta?, non, poderase pasear á beira do mar en bicicleta, iso é un proxecto de mobilidade?, evidentemente non, nada máis, imos absternos.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, era para responderlle á intervención do Sr. portavoz do Partido Popular, onde nos botaba en cara a falta de coherencia con algunhas votacións en convenios. Eu expliqueino xa o outro día, e creo que está claro, é dicir, os convenios teñen reparos e pídesenos a nosoutros que exceptuemos ese reparo, e

que digamos que concorren circunstancias excepcionais que fan que estes convenios non poidan ir pola vía xeral, da subvención xeral e que os exceptuemos do principio de concorrencia, igualdade, de publicidade e non discriminación. Nós facemos iso, entendemos que hai algúns que se poden excepcionar e outros que non se poden excepcionar desde o noso punto de vista, e en función diso votamos, por exemplo, votamos a favor do punto número cinco do convenio de sostemento do centro sociocultural xuvenil do Ensanche de Santiago, e ten reparos, e votamos a favor, porque entendemos que se pode excepcionar. Votamos a favor do convenio con Concello de Ortigueira coa subvención nominativa para financiar o festival Celta do ano 2014 porque entendemos que é un feito excepcional, é un festival excepcional que ten categoría internacional, e hai motivos para poder excepcionalo ou, polo menos, dende o punto de vista do Grupo Socialista, así o vemos, pero entendemos que hai outros que non teñen ningunha excepción, por exemplo, o número tres que nos abstivemos no primeiro salón de familias numerosas, que son unha subvención de 5.359 euros pode ir perfectamente a subvención á convocatoria xeral e non hai ningunha razón para excepcionar, ou nosoutros non a vemos. Entón, como se nos pide, non só que aprobemos o convenio, senón que se nos pide algo máis, que adoptemos o acordo excepcionar porque apreciamos que hai razóns excepcionais que o fan diferente, pois cando non as atopamos, non votamos iso, creo que é perfectamente claro e que intentamos ser coherentes.

#### Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, eu teño que recoñecer que debo de ser un pouco duro de moleira, entón se non lle entendín e ademais tamén saberme explicar bastante mal e tampouco me entenden a min, porque claro, eu non logro ver a diferenza que pode haber en que un concello determinado poida aquí levar unha axuda vía convenio para arranxar un polideportivo ou unha cuberta, e que iso non puidera ir no que son as axudas que en concorrencia competitiva se deron a un concello ou ben outro concello tamén que poida arranxar as súas fochancas e non metelos no DTC ou no POS. Polo tanto, si lle vemos nós a importancia provincial que ten arranxar ese polideportivo, porque seguramente os temporais deixárono mal, xa pasou a posibilidade neste caso desa concorrencia competitiva, creo que os rapaces dese concello é importante que fagan deporte e non se mollen e, polo tanto, vémoslle ese interese provincial que vostedes ás veces non queren ver noutras cuestións que tamén poderían ir dentro de calquera desas ordes de concorrencia competitiva. Polo tanto, o que temos é que estudar as circunstancias concretas que se poidan dar extraordinarias ou de peculiaridade en cada un destes convenios.

Eu, como dicía, o noso Grupo vai seguir estudándoos todos coa mesma equidade, e sinto que non se faga o mesmo, e eu volvo pedir desculpas por ser tan duro de moleira e á vez por non ser capaz de convencer, porque seguramente se o tiveran tan claro como o teño eu, seguramente estarían convencidos, co cal seguramente eu son moi malo explicándome.

#### Sr. Presidente

Moi ben, antes de pasar á votación, en primeiro lugar da petición do voceiro do BNG da retirada, porque témola que votar igualmente, gustaríame dicirlles que, grazas pola confianza, pero somos bos pero tampouco tanto, no sentido que non

cremos que este proxecto vaia resolver os problemas de mobilidade da área metropolitana, nin moito menos, non é a nosa pretensión, simplemente se trata de avanzar nese sentido. Polo tanto, poderá ir un universitario ao campus despois de que este proxecto se leve a cabo?, non, podería ir a un polígono?, non, ou a algún deles, ah, si, no caso de Arteixo. Agora, tamén lle digo, poderá un veciño de Cambre, ou Culleredo chegar á Coruña en bici?, si, son 40.000, poderá un veciño de Oleiros dende Mera ata aquí chegar en bici A Coruña?, si, ben pois son outros 40.000, carai, non está mal. Poderá un veciño de moitas parroquias de Arteixo chegar en bicicleta á Coruña e depende de onde vaia traballar, ir en bicicleta?, si, pois non está mal, non está mal, non resolvemos todos os problemas, somos conscientes, pero o avance é bo, e o que se fai é intentar, cos mínimos recursos posibles poñer ou intentar conseguir unha verdadeira rede de carril-bici, por que? Porque os distintos concellos ao longo da súa historia levaron a cabo actuacións, seguro que todas elas interesantísimas, pero a día de hoxe estaban todas desconectadas, e o que facemos é conectar todas as principais actuacións que levaron a cabo os concellos e dá lugar a esa vía ou infraestrutura de preto de oitenta quilómetros de carril-bici, que indubidablemente para ocio é unha alternativa creo que das poucas dese tamaño que pode haber en España, desde logo, en Europa haberá algunha máis, imaxino, é unha alternativa ao ocio fundamental, pero tamén serve, loxicamente para unir concellos e polo tanto pode ser unha alternativa á mobilidade, por iso a Xunta de Galicia entendeu que tiña que participar do financiamento desta infraestrutura, pero evidentemente non imos resolver todos os problemas, pero imos nesa dirección. Eu, de todos os xeitos, agradezo as súas achegas e que saiban vostedes que tamén está consensuado cos alcaldes polos cales vai discorrer este carril-bici, empezando por Arteixo, Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros.

En primeiro lugar, entón pasamos á súa petición de deixalo sobre a mesa e despois pasamos á votación.

Vótase que o punto quede sobre a mesa

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 5 deputados (BNG)  
Votan en contra: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)  
Abstéñense: ningún deputado

A continuación vótase o punto da orde do día

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

#### **ACORDO**

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio coa DIRECCION XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO

AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO DE REDE CICLISTA DA AREA METROPOLITANA DA CORUÑA, cunha achega de 3.000.000 euros (IVE incluído) con cargo á partida 0440/454A/650.00 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 82,75862% sobre un orzamento subvencionable de 6.625.000 € euros, (IVE incluído) así como os informes que constan no expediente:

O Pleno, cos votos a favor do PP e o PSOE e a abstención do BNG, acorda:

1º.- Aprobado o proxecto denominado REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA, cun orzamento de 3.625.000 €. (IVE incluído) e expoñer ao público o proxecto, mediante anuncio que se publicará no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nun prazo de dez días para efectos de reclamacións, transcorrido este sen que estas se producisen, considerárase definitivamente aprobado

2º.- Aprobado o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A DIRECCION XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS PARA FINANCIAR AS OBRAS INCLUIDAS NO PROXECTO CONSTRUTIVO DE REDE CICLISTA DA AREA METROPOLITANA DA CORUÑA, cunha achega provincial de 3.000.000 euros (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 0440/454A/650.00, que representa un coeficiente de financiamento do 82,75862% sobre un orzamento de 3.625.000 euros. (IVE incluído)

3º.- Condicionar a eficacia do presente convenio á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos 2/2014 de aprobación polo Pleno.

4º.- Condicionar o presente gasto a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

## CONVENIO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DO PROXECTO CONSTRUTIVO DA “REDE CICLISTA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA”.**

Santiago de Compostela, de xuño de 2014

## REUNIDOS

Dunha parte, D. Agustín Hernández-Fernández de Rojas, conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, segundo o disposto no Decreto 229/2012, do 2 de decembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34.4 da Lei de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG n.º 82, do 30 de abril); e tendo en conta o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e

Infraestruturas (CMATI) a cal está adscrita a Dirección Xeral de Mobilidade, que ten as funcións de impulso, xestión e coordinación das políticas atribuídas á Consellería nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

Doutra parte D. Diego Calvo Pouso na súa condición de presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 34.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

## **EXPOÑEN**

1. A Deputación Provincial da Coruña redactou o proxecto construtivo da “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”, o cal recolle as obras necesarias para a conexión dos treitos de carrís de bicicletas existentes na cidade con aqueles dos concellos de Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros que constitúen a súa área metropolitana.

As actuacións que se propoñen permiten a conexión de treitos ben diferenciados tanto polo seu tipo de percorrido, como polo ámbito urbano e natural que atravesan, permitindo que os usuarios deste medio de transporte como é a bicicleta, poidan compartir o seu uso lúdico como dun medio de transporte alternativo ao mesmo tempo.

As políticas de promoción da mobilidade “branda”, de fomento da seguridade vial e da concienciación social teñen contribuído noutros países ao incremento deste modo de transporte que é económico, áxil, saudable e ecolóxico. Porén calquera intento de potenciar o uso da bicicleta como medio habitual de transporte pasa, necesariamente pola reordenación urbana e viaria, xunto coa execución dunha infraestrutura continua que permita garantir o uso continuado e alternativo ao transporte por estrada.

Na área metropolitana actual existen 53 quilómetros de vías para bicicletas e, polo tanto, o que se pretende coas obras que vai recoller o proxecto é comunicar estes e construír outros novos para conseguir uns recorridos que permitan a mobilidade entre os concellos que configuran este entorno.

O proxecto confirma a viabilidade técnica de crear un itinerario ciclista comarcal que posibilite recorrer o litoral dende as praias de Barrañán (Arteixo) ata as de Mera (Oleiros), e dende outro ámbito natural como é a presa de Cecebre pretendese incorporar o carril de bicicleta existente dende ela ata a desembocadura do río Mero na ría do Burgo, onde se farán as obras para conectalo co do paseo do Burgo ata a Ponte da Pasaxe.

No proxecto recóllense todas as actuacións necesarias como son a sinalización, o acondicionamento, as novas estruturas de paso e aqueles treitos de nova construción, coa finalidade de acadar o obxectivo de xerar unha rede básica que



poida ser ampliada no seu futuro por outras actuacións da mesma natureza. Nesta fase do proxecto lógrase establecer un itinerario para ciclistas de preto de 78 quilómetros.

2. A Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, vén de redactar recentemente o Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia (PDMAG) que ten como finalidade definir as directrices de traballo e as actuacións a programar de cara a potenciar o uso dun transporte alternativo á mobilidade motorizada, fundamentalmente mediante o uso da bicicleta.

Para isto, no plan defínese unha Rede Básica de Vías Ciclistas co obxectivo de favorecer esa mobilidade non motorizada principalmente nos ámbitos interurbanos e metropolitanos, pretendendo dar servizo aos usuarios ciclistas que empregan a bicicleta para os seus desprazamentos cotiáns e de ocio e turismo.

Na súa totalidade, o PDMAG presenta unha rede xerarquizada, constituída por 24 itinerarios cunha lonxitude total de 2.031 Km, e que recorre toda a xeografía galega unindo todos os núcleos de poboación con máis de 5.000 habitantes. Esta rede total divídese en dúas tipoloxías: rede arterial (aquela que ten unha maior potencialidade de xeración de viaxes) e rede complementaria.

Neste sentido gran parte da rede de ámbito metropolitano proposta no proxecto redactado pola Deputación da Coruña coincide coa rede proposta no PDMAG.

Visto o anterior, tendo en conta a coincidencia de obxectivos e iniciativas propostas dende ambas as dúas administracións, e co fin de xuntar esforzos a prol de conseguir o obxectivo común da mellora e potenciación da mobilidade alternativa na contorna da área metropolitana da Coruña, considérase procedente a sinatura dun convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a CMATI por medio da Dirección Xeral de Mobilidade para a execución conxunta das obras do proxecto construtivo da “Rede ciclista da área metropolitana da Coruña”.

Co fin de regular a colaboración entre a Deputación da Coruña e a Dirección Xeral de Mobilidade (CMATI), subscríbese o presente convenio con suxeición ás seguintes cláusulas.

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Dirección Xeral de Mobilidade da CMATI e a Deputación Provincial da Coruña que permitan realizar as obras recollidas no proxecto “Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”.

O orzamento total de execución destas obras no dito proxecto é de **TRES MILLÓNS SEISCENTOS VINTECINCO MIL EUROS CON CERO CÉNTIMOS (3.625.000,00 €) I.V.E. INCLUÍDO.**

O prazo de execución dos traballos é de DOCE (12) meses para o tramo I e de NOVE (9) meses para o tramo II de xeito conxunto.

Concretamente as actuacións contempladas no anterior proxecto e que se financiarán no marco deste convenio mediante as achegas realizadas pola Dirección Xeral de Mobilidade, segundo as cláusulas e condicións recollidas nos seguintes puntos, son as correspondentes as obras de construción do tramo II do Concello da Coruña, que inclúe o itinerario ciclista dende o Parque Municipal de San Diego ata a Ponte Pasaxe. Este tramo esta comprendido na súa totalidade no ámbito xeográfico do Concello da Coruña e contempla o seguinte itinerario:

- Parque Municipal de San Diego - Rotonda de Casablanca – Estrada de acceso ao hospital de Oza - As Xubias – Ponte Pasaxe, cunha lonxitude de 2,5 Km.

## **SEGUNDA. COMPROMISOS DA DIRECCIÓN XERAL DE MOBILIDADE**

A Dirección Xeral de Mobilidade da CMATI, obrígase a:

1. Financiar as obras do tramo II do proxecto construtivo referido nos apartados anteriores, que representan o 17,24 % sobre o total do orzamento proxecto, cun coeficiente de financiamento do 0,17241379 e nunha cantidade máxima de **SEISCENTOS VINTECINCO MIL EUROS CON CERO CÉNTIMOS (625.000,00 €) I.V.E. INCLUÍDO**, con cargo aos seus orzamentos xerais para os anos 2014 e 2015, e enmarcados no programa operativo FEDER 2007-2013, dentro do eixo 4 (Transporte e enerxía), na medida 4.52 (Promoción do transporte urbano limpo).

A disposición deste financiamento por parte da Xunta de Galicia realizarase de acordo coas seguintes anualidades:

**2014..... 100.000,00 €**

**2015..... 525.000,00 €**

As actuacións ás que se destinará esta achega son as correspondentes á execución do tramo II do itinerario ciclista comprendido entre o Parque Municipal de San Diego ata a Ponte Pasaxe, definido e recollido no proxecto redactado pola Deputación da Coruña de título *“Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña”*, no ámbito de actuación do Concello da Coruña, e cuxo itinerario é o seguinte:

- Parque Municipal de San Diego - Rotonda de Casablanca – Estrada de acceso ao hospital de Oza- As Xubias – Ponte Pasaxe, cunha lonxitude de 2,5 Km.

No que respecta ao itinerario 2 poderán financiarse incrementos por liquidación do contrato, sempre e cando a achega total realizada pola Xunta de Galicia non exceda a cantidade de 625.000 euros. En calquera caso, debido á natureza da achega realizada, non se financiarán modificados do proxecto nin obras complementarias.

Os libramentos das actuacións correspondentes ao tramo II do concello da Coruña efectuaranos a Dirección Xeral de Mobilidade, contra obra executada, unha vez xustificada a realización do gasto mediante a correspondente certificación aprobada

por parte da Deputación Provincial da Coruña. Así mesmo, de considerarse necesario, dende a Dirección Xeral de Mobilidade, poderá requirirse outro tipo de documentación xustificativa da execución da obra certificada, para os efectos de acreditar o emprego dos fondos europeos achegados no marco do presente convenio.

Estes libramentos realizaraos a Dirección Xeral de Mobilidade, dentro dos prazos dispostos na disposición transitoria 6ª do Texto refundido da lei de contratos do sector público, contados a partir do día seguinte á recepción da documentación xustificativa do gasto realizado.

2. Achegar o certificado de existencia de crédito orzamentario suficiente e retido para o fin deste convenio nos seus orzamentos, con anterioridade á sinatura do presente convenio, formalizando así o seu compromiso de asunción das correspondentes obrigas económicas.

3. Supervisar e levar un seguimento da execución das obras, así como a comprobación das obras executadas.

### **TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

1. Aprobar o proxecto construtivo que contempla as obras dispostas no presente convenio.

2. Financiar as obras, do tramo I do proxecto construtivo referido nos apartados anteriores, que representan un 82,76 % sobre o total do orzamento do proxecto cun coeficiente de financiamento do 0,82758621, destinando para iso ata un máximo de **TRES MILLÓNS DE EUROS CON CERO CÉNTIMOS (3.000.000,00 €) I.V.E. INCLUÍDO**, dos orzamentos xerais da Deputación. A disposición deste importe efectuarase con cargo a partida orzamentaria 04.40/454.A/650.00 número de proxecto 1/2.014 e distribuído do seguinte xeito:

**2014..... 3.000.000,00 €**

3. Achegar, como trámite previo á adxudicación das obras, a certificación xustificativa da efectiva disposición dos terreos de dominio público afectados á obra obxecto do convenio e das licenzas e autorizacións preceptivas.

4. Levar a cabo as actuacións de contratación, execución e dirección das obras descritas no proxecto e formalizar os actos da súa recepción.

Dada a natureza dos fondos subministrados pola Dirección Xeral de Mobilidade da CMATI (fondos comunitarios), e a asignación destes ao programa operativo FEDER 2007-2013, a Deputación da Coruña obrígase, en especial, a:

- Licitar e adxudicar as obras mediante o procedemento aberto, segundo o recollido no artigo 122 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, coas máximas garantías de publicidade e transparencia.
- Executar todas as actuacións correspondentes ao tramo II do Concello da Coruña do proxecto "*Rede Ciclista da Área Metropolitana da Coruña*", que contempla a construción dun itinerario ciclista dende o Parque Municipal de

San Diego ata a Ponte Pasaxe cun prazo de execución de NOVE (9) meses, as cales deben estar rematadas e certificadas na data máxima do 31 de decembro de 2015; por ser a data límite de subvencionabilidade dos gastos FEDER do PO FEDER 2007-2013 (artigo 56.1 do Regulamento (CE) núm. 1083/2006).

- Ter en conta e cumprir todas as obrigas, requisitos e esixencias ditadas dende a Unión Europea no relativo a información e publicidade das actuacións, segundo as disposicións recollidas nos artigos 2 a 10 do Regulamento 1828/2006.

5. Facer entrega das obras no ámbito territorial de cada concello ou daquelas administracións públicas que sexan titulares, para que poidan ser asumidas por estes para a súa explotación, mantemento e conservación das obras realizadas, adquirindo as responsabilidades correspondentes como entes titulares destas.

6. Admitir, favorecer e facilitar as actuacións de supervisión da marcha das obras, así como das actividades de comprobación das obras executadas, tanto no tramo I e II do proxecto por parte da Dirección Xeral de Mobilidade como entidade partícipe no seu financiamento das obras contidas no proxecto.

#### **CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase unha comisión de seguimento formada por un representante da Dirección Xeral de Mobilidade e outro representante da Deputación Provincial da Coruña.

As súas funcións, entre outras serán as seguintes:

- Impulsar, avaliar e vixiar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, nos casos de dúbida, o contido do presente convenio.
- Resolver as posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

#### **QUINTA. CONTROL DO CONVENIO**

A execución do convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida a actuacións de comprobación dispostas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

## **SEXTA. NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio ten natureza administrativa, e será de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais, e outros entres de dereito público, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas deste.

Así mesmo, o presente convenio:

- Está incluído dentro dos dispostos no artigo 4.1.c da Lei 3/2011 do 14 de novembro, pola que se aproba o texto refundido da LCSP, polo que queda fóra do ámbito de aplicación da dita lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.
- Entra no ámbito de aplicación do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; polo que de acordo coa súa disposición adicional primeira, a Deputación da Coruña consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio, así como as sancións impostas.

Este convenio rexerase polas súas cláusulas e polo Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na administración pública galega.

## **SÉTIMA. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS**

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, polo presidente da Deputación da Coruña, poñendo así fin á vía administrativa.

No caso de controversias xurdidas durante a execución do presente convenio, que non puidesen ser resoltas pola comisión de seguimento, será da competencia da xurisdición contencioso-administrativa a súa resolución.

1. Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que

implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións dispostas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, ou a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situación descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

#### **OITAVA. VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio producirá efecto a partir da súa sinatura. A vixencia manterase ata a entrega das obras no prazo sinalado no documento técnico ou no que, por motivos debidamente xustificadas, poida esta consellería e a deputación acordar, se así se estimase, tras a correspondente solicitude dunha ampliación dos prazos, a través da Comisión de Seguimento citada na cláusula cuarta.

En calquera caso, o prazo máximo de execución e certificación das obras comprendidas no tramo II do Concello da Coruña e recollidas no proxecto, non poderá sobrepasar a data do 31 de decembro de 2015.

Non obstante seguirá producindo efectos en tanto en canto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

O CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA CORUÑA”

#### **10.- APROBACIÓN DO PLAN DE SENDAS PEONÍS 2014, SEGUNDA FASE**

Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación do PLAN DE SENDAS PEONIS 2014, SEGUNDA FASE así como os informes que constan no expediente:

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar o Plan de sendas peonís 2014, segunda fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

<b>CÓDIGO</b>	<b>GRUPO - DENOMINACIÓN</b>	<b>PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)</b>
14.1170.0002.0	Complementario nº 1 ao de mellora da seguridade viaria na DP 0810 Guíliade a Guísamo, PK 2+450 ao 2+890 (Concello de Betanzos). Senda peonil	15.855,63

14.1170.0003.0	Senda peonil na DP 6604 de Gradamil a Ponte-Cas (Concello do Pino).	232.794,39
	<b>TOTAL</b>	<b>248.650,02</b>

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/454B/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública do plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 122 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o citado prazo sen que se emita ningún informe.”

#### **11.- APROBACIÓN INICIAL DA PRIMEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.**

Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2014 do proxecto de obra denominado “TRAVESIA EN AGRO DO MESTRE (CONCELLO DE TRAZO)”, no marco das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada o 26 de outubro do 2012 (BOP número 217 do 14 de novembro do 2012) así coma os informes que constan no expediente:

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente a primeira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada pola obra que se relaciona a continuación, con indicación da súa denominación e orzamento:

<b>CÓDIGO</b>	<b>GRUPO - DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS)</b>
14.1130.0001.0	Travesía en Agro do Mestre (Concello de Trazo)	391.930,04
	<b>TOTAL</b>	<b>391.930,04</b>

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453C/60900 do vixente orzamento provincial para o exercicio 2014.

2.- Remitir un exemplar do citado proxecto o concello correspondente no prazo de 5 días contados dende a aprobación da programación inicial da fase do plan co obxecto de que o concello envíe á Deputación no prazo de 40 días naturais contados dende a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da Deputación en sesión celebrada con data do 26 de outubro do 2012, e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 217, do 14 de novembro do 2012.”

## **12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) PARA FINANCIAR O PROXECTO “ACTIVIDADES 2013”.**

### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)  
Votan en contra: ningún deputado  
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos favorables do PP e do BNG e a abstención do PSOE, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excmá. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), CIF G70199112, para financiar as “Actividades 2013” cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 70.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00 % con respecto a un presuposto de 87.500,00 €) que serán aboados con cargo á aplicación presupostaria 0510/433A/481.

4.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal dos gastos de conformidade co establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais.

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.



6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

A Coruña,

### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. , con DNI núm. , en representación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) consideran de grande interese para a provincia e, concretamente o fomento e a defensa do sistema de iniciativa privada e economía libre de mercado, propiciar o desenvolvemento económico do país como medio para acadar unha situación social cada vez máis xusta, así como representar e defender os intereses xerais e comúns das empresas.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER)**, CIF G70199112, para o financiamento das “*Actividades 2013*”.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Persoal	15.450,00 €
Publicacións e Publicidade empresarial	18.000,00 €
Servizos exteriores:	44.050,00 €
-Proxecto Jorge Juan-Historia ilustrada	10.160,00 €

(Subcontratación) -Campana proxecto turístico industrial (subcontratación)	11.990,00 € 10.000,00 €
-Colaboración posta en marcha máter Loxísti. E Transp. -Actividades formativas (subcontratación)	11.900,00 €
Gastos estruturais	10.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>87.500,00 €</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80,00%. No caso de que o gasto xustificadonon acade o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificadonon.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificadonon, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á

CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER).

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán lugar entre o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2013.

2. Unha vez rematadas as actividades, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se

devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o establecido na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidas nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2013, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **día 1 de outubro do ano 2014.**

2. Para o caso de que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da CONFEDERACIÓN DE

EMPRESARIOS DE FERROLTERRA, EUME E ORTEGAL (COFER), respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN	O representante da
	CONFEDERACIÓN DE
	EMPRESARIOS DE
	FERROLTERRA, EUME E
	ORTEGAL (COFER)

DON DIEGO CALVO POUSO”

### **13.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA FINANCIAR O PROXECTO “REHABILITACIÓN DA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 09 de abril de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE PONTEDEUME, CIF P1507000F, para financiar a “*Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal*”.

4.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 173.516,17 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 59,116 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431A/76201.

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.



6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE PONTEDEUME

A Coruña

### **REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte o Sr. Don Gabriel Torrente Piñeiro, alcalde presidente do CONCELLO DE PONTEDEUME

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE PONTEDEUME ambas as dúas partes

### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE PONTEDEUME, CIF P1507000F, para o financiamento da "*Rehabilitación da cuberta do Mercado Municipal*", tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por Don Isidro López Yáñez, arquitecto Colexiado núm. 2.261.

2. O CONCELLO DE PONTEDEUME, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que se solicitaron as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez

rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE PONTEDEUME, comprométese a destinala a uso público para o que está disposta.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P.E.M. _____	203.844,83 €
GASTOS XERAIS _____	26.499,83 €
BENEFICIO INDUSTRIAL _____	12.230,69 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO _____	50.940,82 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA _____	<b>293.516,17 €</b>

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 173.516,17 €, o que representa unha porcentaxe de 59,1169%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 59,1169%, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que ao CONCELLO DE PONTEDEUME obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á CONCELLO DE PONTEDEUME o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE PONTEDEUME axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4. No caso de que o CONCELLO DE PONTEDEUME tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE PONTEDEUME estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade disposta na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE PONTEDEUME pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE PONTEDEUME, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PONTEDEUME na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE PONTEDEUME terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE PONTEDEUME deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE PONTEDEUME para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE PONTEDEUME da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE PONTEDEUME na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE PONTEDEUME terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE PONTEDEUME deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE PONTEDEUME destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE PONTEDEUME poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE PONTEDEUME queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE PONTEDEUME serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE PONTEDEUME será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2014, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE PONTEDEUME non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE PONTEDEUME perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante do CONCELLO  
DE PONTEDEUME

DON DIEGO CALVO POUZO”

#### **14.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DEL COMERCIO DE A CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN AO CONSUMIDOR”.**

#### INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, para anunciar o voto de abstención do Grupo Socialista e chamar a atención de algo que nos choca, é dicir, non só se nos pide que aprobemos isto, que exceptuemos outra vez o dos reparos e todo iso, senón que no convenio hai unha cláusula que nos chama a atención poderosamente porque se autoriza a subcontratar os servizos cunha determinada empresa, na Deputación non se fai iso, na Deputación agora sácase todo por procedemento aberto con multiplicidade de criterios ou cun único criterio, xa se deixou de facer o da conservación de estradas de procedemento negociado sen publicidade, e estamos autorizando a unha entidade a que subcontrate os servizos cunha determinada empresa, e isto non nos parece razoable. Iremos votar abstención e ímonos abster tamén nos seguintes dous puntos, e fago unha chamada de atención ao Sr. Presidente, se estes puntos son todos para financiar a asociacións empresariais, se



se entende que as asociacións empresariais necesitan o apoio da Deputación provincial, eu invítoos a que fagan unha convocatoria de subvencións específica para asociacións empresariais, para evitar os reparos e para evitar que a oposición teña que andar discutindo sempre se se exceptúa ou non exceptúa os principios de concorrencia.

Polo tanto, Sr. Presidente, imos votar que non, chámanos poderosamente a atención este tema, a autorización para subcontratar unha empresa cando o lóxico sería que pida presupostos e que se adxudique como di a lei que se ten que adxudicar. Nada máis.

#### Sr. Cañás Varela

Moitas grazas, Sr. presidente. Para empezar polo final da intervención do voceiro socialista, dicirle que as asociacións empresariais necesitaron e tiveron o apoio da Deputación, e esperemos que o sigan tendo, non agora, dende hai moitos anos, desde logo non creo que esta sexa a primeira ocasión na que o Sr. Moreda aproba ou se abstén acerca dun convenio cunha asociación empresarial. Desde esta Corporación, desde logo, esperamos seguir dando o apoio que necesitan para seguir desenvolvendo a súa actividade.

Sobre o reparo que vostede formulaba, estaría ben de ser o convenio enteiro porque este convenio o que recolle é unha subvención a unha entidade para unha actuación que xa está realizando, xa ten contratada esa empresa, e o convenio o que fai é recollelo, o convenio recolle, é un convenio con efecto retroactivo a decembro de 2013, calquera usuario do pequeno comercio na área metropolitana da Coruña especialmente puido ver esta campaña en bolsas, en prensa, en radio, no cine, ademais está sendo un éxito, cremos que é unha boa iniciativa, e damos o noso apoio, como tiñamos comprometido con esta entidade, pero evidentemente o que non imos negar é a realidade, xa está contratada, xa a están facendo, e así o recolle o convenio.

De todas formas dicirle para a súa tranquilidade, que os servizos de fiscalización desta casa seguen funcionando ben e se esta entidade nalgún punto non cumprira a lei, os informes serían desfavorables, e non pagaríamos esta subvención, igual que en anos anteriores, a esta ou a outras entidades denegóuselless o pago da subvención, nese sentido estea vostede tranquilo, imos cumprir ao cen por cento a legalidade. Moitas grazas.

#### Sr. Fernández Moreda

Brevemente, Sr. Presidente. Efectivamente, a Deputación financiou tradicionalmente a asociacións empresariais da provincia, pero non tiñan reparos, agora si, non queren entender vostedes que cambiaron os tempos e cambiaron as normas, hai anos aquí fumábase, agora non se fuma, por que?, porque non se pode, cambiaron as normas. Entón a reflexión que eu facía é se se entende, que é unha reflexión en positivo, de colaboración, se se entende que as entidades empresariais da provincia requiren do apoio da Deputación, fágase unha convocatoria de subvencións para isto e evitáremonos os reparos, pero ben, pódeno aceptar ou non, é unha proposta en positivo, pero sexan vostedes conscientes dunha cousa, agora todo

vén con reparos, porque agora non se pode facer, como agora non se pode fumar, entón busquemos a fórmula de facer o que sexa preciso facer sen ter que ter reparos e sen ter que levantar os reparos no Pleno.

E logo o contexto do convenio é curioso, eu xa non quixen dicir que a actividade estaba feita, como outras moitas que xa están feitas, que se financian aquí, incumprindo o principio de temporalidade do gasto, non o quixen dicir porque non descubría nada, pero é curioso a contradición que ten este propio convenio, porque nun apartado, no apartado 3.3 autorízase a contratar cunha empresa determinada, pero no punto 4 dise, no apartado 4 do punto 2, dise: “Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Federación de entidades empresariais do comercio da Coruña deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores”, creo que está mal, e creo que non se debería de facer así, polo tanto imos absternos, e fágolles a invitación, se entenden vostedes que hai que apoialas, e hai que apoialas, fagamos unha convocatoria pública xeral para asociacións empresariais e que concorran as que queiran en concorrència.

#### Sr. Presidente

Simplemente recordar que os convenios con efectos retroactivos, que non son os que nos gusten a ningún levalos adiante, lévanse a cabo todos os Plenos e no Pleno pasado había algún concello socialista dalgún alcalde que está aquí presente como deputado, que era tamén con efectos retroactivos, e ás veces se produce, como vostede seguro que sabe, porque se un concello ten unha necesidade nun momento determinado hai un compromiso efectivamente de levar a cabo unha axuda, pero por distintos motivos, orzamentarios na maior parte dos casos, e debido aos cambios legislativos co límite do gasto, ás veces non se pode levar a cabo con toda a prontitude que nos gustaría, por iso os efectos retroactivos dos convenios, por iso cando afectan a un concello nós votámolos a favor, e cando afectan a unha entidade, tamén os votamos a favor, iso era o que o voceiro do Grupo Popular, seguramente con pouco tino, a ver se eu teño un pouco máis, intentábamnos explicar antes, que efectivamente ás veces ocorre esa circunstancia, que desde logo non é a que máis nos gusta, pero ás veces ocorre porque o límite de gasto agora sabe vostede que nos impón unha serie de restricións.

E unha nota adicional, o tema dos reparos non é un reparo de legalidade, senón que se pide que sexa o Pleno que levante, o que acepte esa excepcionalidade, porque como sabe vostede, reparos de legalidade non se levan ao Pleno nunca, nin esta Deputación, nin supoño que noutros sitios tampouco.

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados ( PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e a abstención do PSOE e do BNG, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrancia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 09 de abril de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrancia competitiva.

3.- Aprobar, o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Federación de Entidades Empresariales Comercio Provincial da Coruña CIF G15031263 para financiar a Campaña de Concienciación ao consumidor cunha achega da Deputación que ascende á cantidade de 80.000,00 € (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 78,91 € con respecto a un presuposto de 101.384,69 €, que serán aboados con cargo á aplicación presupostaria 0510/431A/481.

4.- Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal do gasto de conformidade co establecido no artigo 176 do Texto refundido da lei de facendas locais

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA

A Coruña

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. \_\_\_\_\_, con DNI núm. \_\_\_\_\_, en representación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA

1. Que a Excma. Deputación provincial de A Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia contratar unha campaña que promova o consumo no comercio tradicional
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, CIF G15031263, para o financiamento da “*Campaña de Concienciación ao Consumidor*”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Campaña de prensa	32.934,99
Campaña de radio	13.794,00
Campaña en cines	7.986,00
Imprenta	5.082,00
Galas	17.666,00
Feira de Mostras	9.438,00
Bolsas	14.483,70
<b>TOTAL CAMPAÑA</b>	<b>101.384,69</b>

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 80.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 78,91 %. No caso de que o gasto xustificado non acadese o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,91 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES COMERCIO PROVINCIAL A CORUÑA motiva a necesidade de levar a cabo a subcontratación dos servizos nunha porcentaxe do 85,71% con “MTL Publicidade” por non contar cos recursos humanos e materiais suficientes. No dito escrito indícase que debido á complexidade da actividade e que non é unha habilidade principal da Federación, considérase unha

estratexia de administración pola que a Federación contrata a execución de determinadas actividades a unha empresa altamente cualificada, a un provedor máis especializado para conseguir unha maior efectividade que permita orientar os mellores esforzos das accións que se van levar a cabo e ás necesidades neuráxicas para o cumprimento do proxecto que se quere levar a cabo.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscripta polo representante legal da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial tiveron lugar entre o 04/12/2013 e o 30 de abril de 2014 e tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA RBANZA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10



por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.- O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 4 de decembro ata o 30 de abril do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**,.

2.- Para o caso de que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA non teña presentada a xustificación **1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga

solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE ENTIDADES EMPRESARIALES DO COMERCIO DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_\_ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da FEDERACIÓN  
DE ENTIDADES  
EMPRESARIALES DO  
COMERCIO DA CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUSO”

#### **15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN E A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DA COSTA DA MORTE (FECOM) PARA FINANCIAR O PROXECTO “ADQUISICIÓN DUN LOCAL SOCIAL”.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 22 deputados (17 do PP e 5 do BNG)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

## **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e a abstención do PSOE, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 09 de abril de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE, CIF G15511066, para financiar a “*Adquisición dun local social*”.

4.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 32.000,00 euros (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 80,00 % con respecto a un orzamento de 40.000 euros que será pagada con cargo á aplicación presupostaria 0510/432B/781

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE

A Coruña

REUNIDOS

D. DIEGO CALVO POUZO, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

E doutra parte o Sr. D. José Gabín Martínez, Presidente da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE, CIF G15511066**, para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

DENOMINACIÓN DO TERREO: CR FISTERRA 41 Esc:1 Pl:00 Pt:03

REFERENCIA CATASTRAL: 3174305NH0737S0002PY

INSCRIPCIÓN REXISTRAL: Emitida polo rexistrador da propiedade de Corcubión o 13 de agosto de 2013

### II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN

Segundo o informe de valoración que achegou a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE, o orzamento máximo para a adquisición ascende a 32.000,00 euros.

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 32.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de adquisición, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, non será subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrais.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA

MORTE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE o outorgamento co correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE, nin con calquera outra na que concorran algunhas das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe da adquisición supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos propietarios. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na escritura de compravenda que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase constar o importe do financiamento provincial.

#### **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade disposta no disposto na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2013, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagábel, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionábel unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
  - Descrición física e xurídica do ben.
  - Identificación do titular ou titulares coa cota que lles corresponda a cada un deles.
  - Valoración pericial.
  - Aceptación dos propietarios do valor que se lles asigne.
  - Determinación da data para a elevación á escritura pública.

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

2. Adquirido o ben, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Copia da escritura pública de adquisición.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Deberá cumprir a cláusula V.-2 relativa á publicidade, mediante a presentación de fotografía dilixenciada no reverso.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable (40%).
- Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.
- Logo da sinatura deste convenio e acreditando previamente a constitución de fianza suficiente, poderase expedir por adiantado ata o 40 por 100 da subvención concedida. A fianza ou aval deberá cubrir o importe total da cantidade anticipada máis un vinte por cento en concepto de xuros moratorios.
- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.
- Non será posible expedir un pago anticipado se a ENTIDADE BENEFICIARIA ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, finalizado o prazo disposto, non se presentase a xustificación correspondente.
- Para a recepción dos fondos anticipados, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá ter unha conta bancario co título “Fondos para atender á actividade...”. Con cargo a dita conta bancaria deberán efectuarse todos os cobros e pagamento que correspondan á actividade ou investimento subvencionado. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta

## **VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. A adquisición do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez realizada a adquisición, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.



4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2014**.

2. Para o caso de que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE non poida ter adquirido o inmovible e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio **podrá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS COSTA DA MORTE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por número \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O presidente da FEDERACIÓN DE  
EMPRESARIOS COSTA DA  
MORTE

DON DIEGO CALVO POUZO”

#### **16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO “PLAN DE FORMACIÓN”.**

#### **VOTACIÓN**

Votan a favor: 17 deputados ( PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

#### **ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e a abstención do PSOE e o BNG, acorda:

“1.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 09 de abril de 2014.

2.- Acredítanse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, CIF G15083215, para financiar o "Plan de formación".

4.- A achega provincial disposta no convenio ascende a un total de 70.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/481.

5.- Facultar o sr. Presidente para a sinatura do presente convenio.

6.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA

A Coruña

#### REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Héctor Cañete del Campo, con DNI núm. 32794444D, en representación da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA consideran de grande interese para a provincia profesionalizar o sector a través de plans de formación a desempregados que desexen incorporarse ao sector da hostalería, así como facilitar o primeiro emprego. Estes cursos de formación adáptanse igualmente ás necesidades da cidade como destino turístico tradicional e como destino de turismo de cruceiros, dende o punto de vista da hostalería como un dos sectores máis dinámicos e creadores de emprego.

2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

## CLÁUSULAS

### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, CIF G15083215**, para o financiamento do “*Plan de formación*”.

### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HAN REALIZAR

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Docencia	30.625,00 €
Preparación e titorías	6.125,00 €
Medios e material didáctico	3.000,00 €
Material funxible: - Uniformes: 6.534,00 € - Comida, bebida, etc.: 13.470,48 €	20.004,48 €
Material non inventariable: - Folios, carpetas, fundas, tintas, bolígrafos, fotocopias - Azucre por sobres, especias non embotelladas, degustación de produtos en menos de 100 gramos (por exemplo monodosescafé e infusións por unidades menores a 1 caixa) etc.	9.940,00 €
Custos asociados: - Coordinador do proxecto con tarefas de avaliación e control de calidade: 12.075,00 € - Dirección proxecto e administrativa: 3.925,00 € - Subministracións luz, teléfono...: 15.000,00 €	17.500,00 €
Seguro alumnos	305,52 €
<b>TOTAL</b>	<b>87.500,00 €</b>

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 70.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA.

## **VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsada deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

## **VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial terán lugar entre o 16 de xuño de 2014 ata o 4 de setembro de 2014 e deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos



recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imponse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración para os efectos de imputación dos gastos abranguerá os devengados dende o día 16 de xuño ata o 4 de setembro de 2014, e conservará a súa vixencia ata o día **4 de decembro do ano 2014**.

2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación **antes do día 4 de outubro de 2014**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTALERÍA DA CORUÑA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por \_\_\_\_\_ do día \_\_\_ de \_\_\_ de \_\_\_

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O representante da ASOCIACIÓN  
PROVINCIAL DE EMPRESARIOS  
DE HOSTALERÍA DA CORUÑA

DON DIEGO CALVO POUZO”

**17.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN ABASTECIMIENTO. VIRIZO, MONTEMEAO E OUTROS”, DO CONCELLO DE CEDEIRA, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013. CÓDIGO: 13.2100.046.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Ampliación abastecemento Virizo, Montemeao e outros” do Concello de Cedeira, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, co código: 13.2100.0046.0, que implica un incremento que non excede do 10% do seu presuposto de adxudicación, tal e como se indica, que é financiado integramente polo Concello de Cedeira, permanecendo invariable a achega da Deputación.

<b>Ampliación abastecemento Virizo, Montemeao e outros. Código: 13.2100.0046.0</b>						
<b>Concello de Cedeira</b>						
Axentes cofinanciadores	CONTRATA Proxecto inicial	CONTRATA Proxecto Reformado	DIFERENZA CONTRATA	ADXUDICACIÓN Proxecto inicial	ADXUDICACIÓN Proxecto Reformado	DIFERENZA ADXUDICACIÓN
Deputación	93.224,50	93.224,50	0,00	92.979,17	92.979,17	0,00
Concello	4.906,55	14.683,74	9.777,21	0,00	9.263,89	9.263,89
<b>TOTAL</b>	<b>98.131,05</b>	<b>107.908,24</b>	<b>9.777,21</b>	<b>92.979,17</b>	<b>102.243,06</b>	<b>9.263,89”</b>

**18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN E MELLORAS EN OITO TRAMOS DO VIARIO MUNICIPAL”, DO CONCELLO DE OLEIROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013. CÓDIGO: 13.2100.0103.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Pavimentación e melloras en oito tramos do viario municipal” do Concello de Oleiros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013, co código: 13.2100.0103.0 que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado previsto no proxecto inicial.

<b>Código</b>	<b>Denominación</b>	<b>Deputación f.p.</b>	<b>Concello</b>	<b>TOTAL</b>
13.2100.0103.0	Pavim.e melloras en oito tramos do viario municipal Concello de Oleiros	132.521,46	0,00	132.521,46”

**19.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “CAMIÑO DE DP 2405 (CERCEDA A MESÓN DO VENTO) A DEPURADORA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cerceda para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cerceda
DENOMINACIÓN DA OBRA	Camiño de DP 2405 (Cerceda a Mesón do Vento) a depuradora
PRESUPOSTO DO PROXECTO	78.038,96 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	62.431,17 €
ACHEGA DO CONCELLO	15.607,79 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “CAMIÑO DE DP 2405 (CERCEDA A MESÓN DO VENTO) A DEPURADORA”**

A Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Cerceda, José García Liñares

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cerceda ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda con CIF P1502400C, para o financiamento das obras de “CAMIÑO DE DP 2405 (CERCEDA A MESÓN DO VENTO) A DEPURADORA”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	54.197,49
Gastos xerais (13%)	7.045,67
Beneficio industrial (6%)	3.251,85
IVE (21%)	13.543,95
Orzamento de contrata	78.038,96

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 62.431,17 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma

que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención paga, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigaón de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDIÇÃO COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CERCEDA

Diego Calvo Pouso

José García Liñares”

**20.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REFORMA PARA A MELLORA DAS RÚAS COMERCIAIS DA CONTORNA DO CAMPO DA FEIRA PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Cerceda para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Cerceda
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reforma para a mellora das rúas comerciais do entorno do Campo da Feira para a revitalización do comercio local
PRESUPOSTO DO PROXECTO	57.885,53 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	46.308,42 €
ACHEGA DO CONCELLO	11.577,11 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	79,99999%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/151B/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CERCEDA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REFORMA PARA A MELLORA DÁS RÚAS COMERCIAIS DO CONTORNO DO CAMPO DA FEIRA PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL”**

A Coruña

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Cerceda, José García Liñares

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Cerceda ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda con CIF P1502400C, para o financiamento das obras de “REFORMA PARA A MELLORA DÁS RÚAS COMERCIAIS DO CONTORNO DO CAMPO DÁ FEIRA PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO LOCAL”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo enxeñeiro de camiños JULIO C. ROJO MARTÍNEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	40.201,08
Gastos xerais (13%)	5.226,14
Beneficio industrial (6%)	2.412,06
IVE (21%)	10.046,25
Orzamento de contrata	57.885,53

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 46.308,42 €, o que representa unha porcentaxe de 79,99999%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,99999%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de

redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
  - Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
  - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
  - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
  - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

- 1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
- 2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O

procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRórROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía



do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CERCEDA

Diego Calvo Pouso

José García Liñares”

#### **21.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE “PANEIS PROMOCIONAIS DE CORCUBIÓN”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para o financiamento da subministración cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN	Paneis promocionais de Corcubión
PRESUPOSTO DA SUBMINISTRACIÓN	1.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	1.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/432A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DE “PANEIS PROMOCIONAIS DE CORCUBIÓN”**

A Coruña

#### **REUNIDOS**

Dunha parte o Sr. residente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte o alcalde presidente do Concello de Corcubión, Francisco J. Lema Fuentes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## **I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión con CIF P1502800D, para o financiamento da adquisición de “**PANEIS PROMOCIONAIS DE CORCUBIÓN**”, tal como aparece definida esta en memoria valorada suscrita polo axente de emprego e desenvolvemento local NORBERTO PAIS REDONDA

## **II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN**

O orzamento total da subministración, segundo a memoria valorada á que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa :

Orzamento paneis	826,45
IVE (21%)	173,55
Orzamento	1.000,00

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 1.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/432A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de adquirente, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do correspondente contrato de subministracións

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do ben moble, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Adquirido o ben, a Entidade beneficiaria deberá rotular o ben en lugar visible de forma que se deixe constancia da data da adquisición e do financiamento provincial . O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación de subministración, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación definitiva do contrato de subministracións, na que figuren polo menos os seguintes datos: persoa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

2.- Formalizado en documento público o contrato, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificación acreditativa do pago do ben.
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de dez anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento

dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DO CONTRATO E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1.-A subministración que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrito na memoria valorada indicado na cláusula PRIMEIRA, deberá estar finalizado e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida

pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizado a subministración e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a Unidade Xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CORCUBIÓN

Diego Calvo Pouso

Francisco J. Lema Fuentes”

**22.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DA IMPERMEABILIZACIÓN EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Corcubión para financiar as obras conforme o proxecto técnico presentado cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Corcubión
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora da impermeabilización en instalación municipais
PRESUPOSTO DO PROXECTO	4.000,01 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	4.000,01 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00000 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.



ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CORCUBIÓN PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DA IMPERMEABILIZACIÓN EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Corcubión, Francisco J. Lema Fuentes

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Corcubión ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión con CIF P1502800D, para o financiamento das obras de **“MELLORA DA IMPERMEABILIZACIÓN EN INSTALACIÓNS MUNICIPAIS”**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ANTONIO MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	2.777,97
Gastos xerais (13%)	361,14
Beneficio industrial (6%)	166,68
IVE (21%)	694,22
Orzamento de contrata	4.000,01

### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 4.000,01 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado,

deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandito porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE CORCUBIÓN

Diego Calvo Pouso

Francisco J. Lema Fuentes”

**23.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE LAXE”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Laxe para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Laxe
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reparación e acondicionamento de la cuberta do polideportivo municipal de Laxe
PRESUPUESTO DO PROXECTO	100.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	100.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE LAXE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE LAXE”**

A Coruña

## REUNIDOS

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Laxe, Antón Carracedo Sacedón

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Laxe ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Laxe con CIF P1504100G, para o financiamento da obra de “**REPARACIÓN E ACONDICIONAMENTO DA CUBERTA DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE LAXE**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica ÁNGELA MATA LENDOIRO.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está disposta.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	69.449,27
Gastos xerais (13%)	9.028,40
Beneficio industrial (6%)	4.166,96
IVE (21%)	17.355,37
Orzamento de contrata	100.000,00



### **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 100.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a

unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de

mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

#### **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

#### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non cheгаа tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE LAXE

Diego Calvo Pouso

Antón Carracedo Sacedón

**24.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REURBANIZACIÓN DA RÚA DO TAMBRE”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Oroso para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Oroso
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reurbanización da Rúa do Tambre
PRESUPOSTO DO PROXECTO	135.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	105.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	30.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	77,77777%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REURBANIZACIÓN DA RÚA DO TAMBRE”**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Oroso, Manuel Mirás Franqueira

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Oroso ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso con CIF P1506100E, para o financiamento das obras de “REURBANIZACIÓN DA RÚA DO TAMBRE”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto MANUEL SUÁREZ BERMÚDEZ.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, se compromete a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla na seguinte táboa:

Orzamento execución material	93.756,51
Gastos xerais (13%)	12.188,35
Beneficio industrial (6%)	5.625,39
IVE (21%)	23.429,75
Orzamento de contrata	135.000,00

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 105.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 77,77777 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do

orçamento de contrata, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos acreditando a entidade beneficiaria que consignou o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,77777%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.



## **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

## **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

## **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos

procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigaçión de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

#### **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

### **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, poderase modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

Diego Calvo Pouso

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE OROSO

Manuel Mirás Franqueira"

**25.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “MELLORA DE PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE ADRAGONTE, VELOUZÁS, VIÑAS E QUINTAS”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Paderne para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Paderne
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora da pavimentación nas parroquias de Adragonte, Velouzás, Viñas e Quintas
PRESUPOSTO DO PROXECTO	104.999,99 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	104.999,99 €
ACHEGA DO CONCELLO	0,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	100,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/453D/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PADERNE PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE ADRAGONTE, VELOUZÁS, VIÑAS E QUINTAS”**

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Paderne, César Longo Queijo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

## MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Paderne ambas as dúas partes

## ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

### I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne con CIF P1506500F, para o financiamento da obra de “MELLORA DA PAVIMENTACIÓN NAS PARROQUIAS DE **ADRAGONTE, VELOUZÁS, VIÑAS E QUINTAS**”, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto técnico ANTONIO LÓPEZ PANETE.

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, se compromete a destinala a uso público para o cal está prevista.

### II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	72.921,73
Gastos xerais (13%)	9.479,82
Beneficio industrial (6%)	4.375,30
IVE (21%)	18.223,14
Orzamento de contrata	104.999,99

### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 104.999,99 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Secretaría-Intervención municipal acreditando que a Entidade non dispón doutras fontes de financiamento.

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos por a obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirille á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma

que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.

- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)

- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos

- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.



2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigaón de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE PADERNE

Diego Calvo Pouso

César Longo Queijo"

**26.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DO PINO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "LOCAL SOCIOCULTURAL EN SANTISO-PARROQUIA DE CASTROFEITO".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello do Pino para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	O Pino
DENOMINACIÓN DA OBRA	Local sociocultural en Santiso-parroquia de Castrofeito
PRESUPOSTO DO PROXECTO	201.586,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	161.268,80 €
ACHEGA DO CONCELLO	40.317,20 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DO PINO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “LOCAL SOCIOCULTURAL EN SANTISO-PARROQUIA DE CASTROFEITO”**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello do Pino, Manuel Taboada Vigo  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello do Pino ambas as dúas partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello do Pino con CIF 1506700B, para o financiamento da obra de “LOCAL **SOCIOCULTURAL EN SANTISO-PARROQUIA DE CASTROFEITO**” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto ÓSCAR PIDRE MOSQUERA

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	140.000,00
Gastos xerais (13%)	18.200,00
Beneficio industrial (6%)	8.400,00
IVE (21%)	34.986,00
Orzamento de contrata	201.586,00

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 161.268,80 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación Provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
  - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
  - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
  - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

- 1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
- 2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.



2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orçamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orçamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DO Pino

Diego Calvo Pouso

Manuel Taboada Vigo”

#### **27.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORA DAS CONDICIÓNS DE EVACUACIÓN, ACCESIBILIDADE E DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO EDIFICIO DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sada para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Sada
DENOMINACIÓN DA OBRA	Mellora das condicións de evacuación, accesibilidade e de atención ao cidadán no edificio de servizos administrativos do concello
PRESUPOSTO DEL PROXECTO	206.705,17 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	165.364,14 €
ACHEGA DO CONCELLO	41.341,03 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/169A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SADA PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “MELLORA DAS CONDICIÓNS DE EVACUACIÓN, DE ACCESIBILIDADE E DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO EDIFICIO DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO”**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Sada, Ernesto Anido Varela  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Sada ambas as dúas partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

## I.- OBXECTO

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sada con CIF 1507600C, para o financiamento da obra de **“MELLORA DAS CONDICIÓN S DE EVACUACIÓN, DE ACCESIBILIDADE E DE ATENCIÓN AO CIDADÁN NO EDIFICIO DE SERVIZOS ADMINISTRATIVOS DO CONCELLO”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto FRASCISCO JAVIER CORREDOIRA ISASI

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	143.555,23 0
Gastos xerais (13%)	18.662,18
Beneficio industrial (6%)	8.613,31
IVE (21%)	35.874,45
Orzamento de contrata	206.705,17

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 165.364,14 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/169A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra
- 2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):
- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
  - Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
  - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
  - Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
  - Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
  - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable
- 3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
- 4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

- 1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
- 2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios



orxamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orxamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE SADA

Diego Calvo Pouso

Ernesto Anido Varela”

#### **28.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN GRIMALBA E CUMBRAOS”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Sobrado para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

CONCELLO	Sobrado
DENOMINACIÓN DA OBRA	Acondicionamento de camiños en Grixalba e Cumbraos
PRESUPOSTO DO PROXECTO	220.000,00 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	176.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	44.000,00 €
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	80,00000%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/342A/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN GRIXALBA E CUMBRAOS”**

A Coruña

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Sobrado, Jacobo Fernández García

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Sobrado ambas as dúas partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Sobrado con CIF P1508100C, para o financiamento da obra de “ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN GRIXALBA E

**CUMBRAOS**” tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta técnica municipal ANA PATRICIA SOUTO LAREO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	152.788,39
Gastos xerais (13%)	19.862,49
Beneficio industrial (6%)	9.167,30
IVE (21%)	38.181,82
Orzamento de contrata	220.000,00

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 176.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00000 %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/342A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederáase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

### **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo

improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE SOBRADO

Diego Calvo Pouso

Jacobo Fernández García”

#### **29.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE “REPOSICIÓN DE LOUSADO DE BEIRARRÚAS E MOBILIARIO EN TRAVESÍA DE SANTIAGO, ZAS, E COLOCACIÓN DE MARQUESIÑAS EN R/ BISPO ROMERO LEMA”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Zas para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:



CONCELLO	Zas
DENOMINACIÓN DA OBRA	Reposición de lousado de beirarrúas e mobiliario en Travesía de Santiago, Zas, e colocación de marquesiñas en R/ Obispo Romero Lema
PRESUPOSTO DO PROXECTO	75.982,02 €
ACHEGA DA DEPUTACIÓN	60.000,00 €
ACHEGA DO CONCELLO	15.982,02 €
COEFICIENTE DE FINANCIACIÓN	78,96605%
PARTIDA PRESUPOSTARIA	0430/151B/76201

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

#### ANEXO

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ZAS PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS “REPOSICIÓN DE LOUSADO DE BEIRARRÚAS E MOBILIARIO EN TRAVESÍA DE SANTIAGO, ZAS E COLOCACIÓN DE MARQUESIÑAS EN R/BISPO ROMERO LEMA”**

A Coruña,

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso  
E doutra parte, o alcalde presidente do Concello de Zas, Manuel Muíño Espasandín  
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

#### **MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Zas ambas as dúas partes

#### **ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

#### **I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Zas con CIF P1509400F, para o financiamento da obra de **“REPOSICIÓN DE LOUSADO DE BEIRARRÚAS E MOBILIARIO EN TRAVESÍA DE SANTIAGO, ZAS, E COLOCACIÓN DE MARQUESIÑAS EN R/BISPO ROMERO LEMA”** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de

execución redactado polo arquitecto técnico municipal FERNANDO GARRIDO MUÍÑO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

## **II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

Orzamento execución material	52.768,96
Gastos xerais (13%)	6.859,96
Beneficio industrial (6%)	3.166,14
IVE (21%)	13.186,96
Orzamento de contrata	75.982,02

## **III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 78,96605%. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de contrata, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos do concello, acreditando a ENTIDADE BENEFICIARIA que consignou o crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,96605%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/151B/76201 do orzamento provincial para o ano 2014, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito suficiente e sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, se minorará a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

#### **IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### **V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

#### **VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adjudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución

- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.

- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade

- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederáase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigaón, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigaóns de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.

4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

## **VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.

2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.

Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

## **VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento

das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

#### **IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

#### **X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### **XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, de 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chega a tres,

a sanción imponse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imponse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso prodúcese no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## **XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

## **XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo**, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

#### **XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión de data

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN  
PROVINCIAL DA Coruña

O ALCALDE-PRESIDENTE DO  
CONCELLO DE ZAS

Diego Calvo Pouso

Manuel Muíño Espasandín

#### **30.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA O 30/04/2014 E PROXECCIÓN AO 31/12/2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/04/2014 e proxección a 31/12/2014.”

(Abandona o salón o Sr. Taboada Vigo).

#### **31.-EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 2/2014.**

##### INTERVENCIONS

Sr. Requeira Varela

Imos absternos neste punto, en todo caso imos explicar a nosa abstención. É por coherencia, para que o Sr. Ruiz Rivas o teña máis ou menos claro, imos

absternos porque, primeiro que vimos reclamando que se articulen plans en concorrencia competitiva, e que se poidan presentar proxectos en concorrencia competitiva, e deixar dunha vez por todas este modelo de expedientes de modificación de créditos para facer convenios nominativos con diferentes entidades. Neste caso hai proxectos que veñen recollidos neste expediente cos que o BNG está totalmente de acordo, pero temos que manifestar que hai outros proxectos aí recollidos cos que estamos profundamente en desacordo. Polo tanto ímonos abster.

#### Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente, nós imos absternos tamén pero poderíamos votar que si, non, non, non, non é así, temos dúbidas, poderíamos votar que si se vostedes fixesen o que se facía tradicionalmente na Deputación. Na Deputación, cando se aprobaba o presuposto unha semana antes o portavoz reuníase cos portavoces dos distintos Grupos e explicáballes os orzamentos e dicíalles como ía, e cando había un expediente de modificación de crédito, Carliños ben o sabes que era así, cando había un expediente de modificación de créditos se reunía e explicáballe, e se a nosoutros se nos explicase o que se pretende facer posiblemente poderíamos votar que si, pero como non o sabemos, imos absternos.

Este é un Expediente de modificación de créditos por importe de un pouco máis de dezaseis millóns de euros, que se financia con cargo ao remanente e se financia coas baixas de dúas partidas fundamentalmente, Plan de emprego Xunta-Deputación, que non se fai, de 809.000 euros, e dúas partidas de protección do medio que en total suman 550.000 euros, unha delas por certo é de 300.000, que era destinada ao carril-bici. E con este diñeiro vaise facer algo que se nosoutros sabemos en que consiste, poderíamos votar que si, que é o Plan de brigadas municipais, por importe de 809.680,43 euros, o mesmo importe que a baixa que se dá no Plan de emprego da Xunta-Deputación, claro, non sabemos como se vai facer este plan, non sabemos se se vai contratar por parte da Deputación, se se vai contratar por parte dos concellos, non sabemos se vai haber coordinadores da Deputación, como había co Plan de emprego, claro, se nos explicasen estas cousas antes de levalas á comisión, nosoutros poderíamos votar que si ou que non, pero teríamos información.

O mesmo pasa cos 809.000 de mellora de camiños de titularidade municipal, como se vai desenvolver ese plan?, supoño que haberá un plan, como se vai desenvolver? E ao mellor estamos de acordo, e votariamos que si a este Expediente de modificación de créditos que facilita este tipo de obras. Hai cousas que están dubidasas tamén, danse de baixa 550.000 euros en protección do medio, pero danse de alta en protección do medio 550.000 euros, pero non sabemos para que, se nos explicasen que se vai facer ao mellor estabamos de acordo. Danse de alta 190.000 euros en servizos sociais, danse de alta 100.000 euros en subvencións de cultura e 95.000 euros en subvencións de deportes, todas elas para familias e entidades sen ánimo de lucro, claro, se vostedes nos din que con este diñeiro van suplementar as partidas da convocatoria xeral de subvencións de servizos sociais, de cultura e deportes, ata podemos estar de acordo, pero claro, se con estes suplementos se van financiar subvencións nominativas, ao mellor non estamos de acordo.

Polo tanto, eu invítoos a que teñan un contacto máis fluído coa Deputación no ánimo de buscar acordos e camiñar todos xuntos no que sexa posible e positivo para



a provincia, porque xa digo, se non explicaran estas cousas antes pois ao mellor, Sr. Presidente, hoxe votariamos que si, como temos moitas incertezas, non sabemos como se vai aplicar, posiblemente se aplique ben, pero como non o sabemos, por precaución, abstémonos.

### Sr. Presidente

Grazas, Sr. Moreda. Eu quero darlle a oportunidade, coa correspondente explicación agora para que vote a favor, xa que podería votalo. De todos os xeitos, antes de vir a Pleno os asuntos lévanse a Comisión, onde se se pregunta pódese dar toda a información que sexa necesaria para quitarlle as dúbidas ao seu Grupo, e se vostede non ten dúbidas, poderá seguramente votar a favor neste Pleno. Dígolle esas dúbidas que vostede explicou aquí no momento.

O Plan de emprego, como dixeron noutros debates, noutros anos, nós levamos, como saben vostedes, no orzamento unha dotación, porque a principios de ano, cando se aprobou o orzamento, a finais do ano pasado, non tiñamos a constancia efectiva de que a Xunta fose a facer de novo o Plan de emprego con nós, polo tanto nós, ante esa incerteza, dotámolo nos nosos orzamentos, e esta achega é para o Plan de emprego, o Plan de emprego que, cando está feito, hoxe o que aprobamos neste expediente é a reserva de crédito, non é o propio Plan de emprego que xa veu aquí, e onde esas dúbidas que vostede ten é cando as hai que expresar e poder dicir se está de acordo co Plan de emprego ou non, o que estará de acordo supoño que será coa dotación do Plan de emprego, que podería ser máis seguramente como a todos nos gustaría, pero o Plan de emprego xa lle adianto que será para os concellos, que non haberá eses coordinadores e que a selección a farán os 93 concellos da provincia da Coruña, así que o saiba e se iso lle vale, supoño que con iso esa partida xa queda ok esas dúbidas, porque ao fin e ao cabo estamos falando da reserva de crédito, non do propio Plan de emprego que como vostede sabe xa virá á Comisión correspondente cando estea ultimado, intentaremos que sexa para o verán para que esa xente que vai traballar nos concellos, como nos din todos os alcaldes, poidan facer a maior parte dos traballos fóra das instalacións e, polo tanto, sexa máis produtivo para o concello.

E con respecto á achega que facemos para ese Plan de camiños, trátase do Plan de PEN que tradicionalmente sacaba a Xunta de Galicia, e como a achega do vinte por cento a tiñan que facer os concellos pedíronos se as catro deputacións de Galicia podíamos suplementar esa achega dos concellos. Sei que se está tratando en todas as deputacións, esta é a primeira que leva a Pleno a aprobación desa achega que correspondía aos concellos, e vaina suplir a Deputación, polo tanto os concellos non van ter que facer achega. Os criterios para repartir loxicamente están tratados na FEGAMP e son en función da extensión, a lonxitude das vías rurais, pero eses criterios nunca tiveron problema e supoño que como non foron cambiados e levan a aprobación dos tres grupos con representación maioritaria nos concellos non haberá problema, nós o que facemos é, unha vez máis, saír en auxilio, neste caso é verdade que non pedido polos concellos, pero si pola Xunta, para achegar ese vinte por cento.

E con respecto ao Plan este do medio natural tamén lle digo para disipar as súas dúbidas que o que se trata é de facer un plan para os concellos da provincia da Coruña que poidan facer actuacións en materia do medio natural, o plan levarase

supoño que este mes que vén á Comisión, onde se poderá discutir, e onde poderán ver vostedes que se presentarán os concellos da provincia para actuacións en medio natural, o máis amplas posibles, porque como saben vostedes os alcaldes intentan dentro das actuacións ambientais meter as máximas posibles, por iso espero que estas explicacións que lle dou sirvan para conseguir ese voto afirmativo, senón en todo caso, grazas polo seu voto de abstención.

Sr. Fernández Moreda

Agradecerlle as explicacións, pedímolas na Comisión, e nalgúns casos non souberon darnos resposta, ao mellor o presidente sabe máis que os membros da Comisión, quedan aínda dúbidas, que se vai facer con 290, con case 400.000 euros en que se incrementan as subvencións?, iso é para cubrir as peticións que se fixeron e non puideron ser atendidas co presuposto actual ou se van facer novas peticións de subvencións nominativas? En calquera caso, Sr. Presidente, imos votar abstención e dicímoslle que se hai máis comunicación posiblemente en casos como este poderíamos votar que si.

Sr. Presidente

Dinme que na Comisión unha das súas deputadas preguntou de todo e se lle deu ampla información, pero non pasa nada, daremos máis información, de todas as maneiras non deixe escapar a oportunidade, unha vez que xa foron resoltas as dúbidas, de votar a favor, é unha oportunidade que non se ten moitas veces.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 16 deputados (PP)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 14 deputados (9 do PSOE e 5 do BNG)

## ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e a abstención do PSOE e o BNG, acorda:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 2/2014 de competencia do Pleno que se tramita dentro do vixente Orzamento Xeral por un importe 16.235.028,77 euros e que ofrece o seguinte resumo:

### A) NECESIDADES E FONTES DE FINANCIAMENTO

#### A.1) Aumentos (necesidades de financiamento):

CE. Créditos extraordinarios:	6.149.366,55
SC. Suplemento créditos:	10.085.662,22
<b>Total de aumentos:</b>	<b>16.235.028,77</b>

### B) RESUMOS POR CAPÍTULO DE GASTOS E INGRESOS

#### B.1 Resumo por capítulos do Estado de Gastos

Capítulo	Altas	Baixas
1. Gastos de persoal	51.626,00	722.340,04
2. Gastos correntes	35.000,00	337.340,39
3. Gastos financeiros	0,00	0,00
4. Transferencias correntes	1.291.198,28	0,00
5. Fondo continxencia e o. i.	0,00	0,00
6. Investimentos reais	3.636.500,00	300.000,00
7. Transferencias de capital	1.826.385,95	0,00
8. Activos financeiros	0,00	70.000
9. Pasivos financeiros	9.394.318,54	0,00
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>16.235.028,77</b>	<b>1.429.680,43</b>

#### A.2) Baixas (fontes de financiamento):

Remanente de tesourería:	14.805.348,34
Baixas de crédito noutras aplicacións:	1.429.680,43
<b>Total financiamento:</b>	<b>16.235.028,77</b>

#### B.2 Resumo por capítulos do Estado Ingresos

Capítulo	Altas
1. Impostos directos	
2. Impostos indirectos	
3. Taxas e outros ingresos	
4. Transferencias correntes	
5. Ingresos patrimoniais	
6. Alleamento investimentos reais	
7. Transferencias de capital	
8. Act. Finan. Reman. Tesourería	14.805.348,34
9. Pasivos financeiros	
<b>TOTAL MODIFICACIÓNS</b>	<b>14.805.348,34</b>

**2.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o expediente considerárase aprobado definitivamente sen necesidade de adoptar un novo acordo. No caso de que se presentaran reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

**3.-** O resumo por capítulos do devandito expediente publicarase no Boletín Oficial da Provincia como requisito previo para a súa entrada en vigor, segundo o establecido no artigo 20.5 do citado Real decreto 500/90, do 20 de abril e os artigos 169 e 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo.

Do expediente definitivamente aprobado remitirase copia a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e a Delegación do Ministerio de Economía, en cumprimento do disposto nos artigos 20.4 e 38.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e os artigos 169.4 e 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo. Tamén se remitirá unha copia do expediente a Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais para dar cumprimento ao disposto no artigo 29 do regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación ás entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro e da Lei Orgánica 2/2012 do 27 de abril de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira.

**4.-** Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira e adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financeiro sobre os ingresos e gastos definitivos dispostos para o exercicio 2014 xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevidas e imprevisibles que excederan do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

Informar periodicamente ao Pleno sobre a execución orzamentaria dos ingresos e gastos dispostos e formular, cando proceda, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira, á vista dos informes preceptivos dispostos na normativa vixente.”

**32.-INFORME SOBRE O ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS CORRESPONDENTES AO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014, EN APLICACIÓN DO ESTABLECIDO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (BOE Nº 163, DO 6 DE XULLO DE 2010).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.Tomar coñecemento do informe emitido pola Intervención en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, así como do estado de tramitación das facturas exposto nos distintos informes das Unidades tramitadoras.

2º.Dispor que se proceda á publicación na páxina web da Deputación da documentación referenciada no apartado anterior, para xeral coñecemento e para dar cumprimento ao establecido na disposición adicional primeira da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro de control da débeda comercial no sector público.

3º.Proceder ao envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e do Ministerio de Economía e Facenda.”

**33.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 DO 1 DE OUTUBRO. EXECUCIÓN PRIMEIRO TRIMESTRE DAS ENTIDADES LOCAIS 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información remitida ao Ministerio de facenda en cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro relativa á execución ao primeiro trimestre do 2014.

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.”

**34.-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA ORDE HAP/2105/2012 DO 1 DE OUTUBRO. INFORMACIÓN SALARIAL DO PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN (PROGRAMA ISPA).**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Tomar coñecemento da información rendida ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en cumprimento do establecido na orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Información salarial do persoal da administración (programa ISPA).”

**35.- .-DAR CONTA DA INFORMACIÓN RENDIDA AO MINISTERIO DE FACENDA EN CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA ORDE HAP/2105/2012 DO 1 DE OUTUBRO. LIQUIDACIÓN DOS PRESUPOSTOS DO EXERCICIO 2013 DA**

## **DEPUTACIÓN PROVINCIAL E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**“PRIMEIRO:** Tomar coñecemento da información rendida ao Ministerio de Facenda en cumprimento do disposto na orde HAP/2105/2012 do 1 de outubro. Liquidación do presuposto do exercicio 2013 da Deputación provincial e do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e Salvamento.

**SEGUNDO:** Poñer á disposición de calquera interesado lexítimo a información obtida a través da páxina de internet da Deputación provincial.”

### **36.-PROPOSTA DE ACTUALIZACIÓN DOS MODELOS DE TRAMITACIÓN E RESOLUCIÓN DE APRAZAMENTOS E FRACCIONAMENTOS DE PAGAMENTO DE DÉBEDAS XESTIONADAS POLO SERVIZO DE RECADACIÓN.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación das normas para a tramitación e resolución de aprazamentos e fraccionamentos de pago de débedas xestionadas polo Servizo de Recadación, consistente na substitución dos modelos de documentos MOD. APLAZ-01 e MOD. APLAZ-02 aprobados orixinariamente polos que se achegan a esta proposta, adaptados ás prescricións da Zona Única de Pago en Euros (SEPA).”

## **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Requeira Varela

Dous rogos breves, son os dous referidos á seguridade viaria. Tense detectado nos últimos meses, e xa con anterioridade era así, en dúas estradas da Deputación, neste caso a estrada Carballo-Razo, e sobre todo a estrada Carballo-Val do Dubra-Santiago, puntos negros onde case non semanalmente pero si con moitísima frecuencia se producen saídas de vía e accidentes con certa gravidade, simplemente rogarlle que se fagan os estudos pertinentes para mellorar o trazado desas vías e ver cales son as razóns polas que se produce tanta sinistralidade nelas.

E un segundo rogo, que tamén ten que ver coa seguridade viaria e coa mobilidade, aproveitando que falamos do carril-bici, eu rogaríalle ao presidente da Deputación, que sei que ten un cargo importante dentro do Partido Popular, que esa sensibilidade que hoxe se transmitiu aquí en relación coa mobilidade e co uso da bicicleta e co fomento da bicicleta nos ámbitos urbanos, se lle transmita ao resto dos grupos do Partido Popular na provincia da Coruña, polo menos, para que alá onde hai carrís bicis rematados e funcionando, non se leven mocións aos Plenos para retiralas.

Sr. Presidente

Na primeira díxome, a estrada era Carballo-Santiago- Entrecruces, e a outra...?

Sr. Requeira Varela

Carballo-Razo, e xa lle anuncio que co voto favorable do seu Grupo e tamén do meu, no Concello de Carballo presentouse unha moción onde se pide o apoio da Deputación para que a Xunta financie as obras de conexión da autovía AG55 coa zona litoral de Carballo para desconxestionar a actual vía da Deputación que é moi estreita e que ten un tráfico moi denso sobre todo en verán, pero supoño que diso xa falaremos.

Sr. Presidente

Vale, se é o apoio para que financien outros, ten o apoio seguro, non vai haber problema por parte desta institución, e no segundo caso, seguro que utilizarán o posicionamento desta Deputación.

Sr. Muíños Sánchez

É sobre unha estrada que xa fixen algunhas preguntas anteriores, mais como aínda non continúa a resolverse de todo a situación quería formularlle tamén un pequeno rogo, é a estrada EP 7113 Laranga a Olveira, e a petición é para que haxa unha xuntanza dos técnicos da Deputación para explicar o proxecto definitivo e que os veciños teñan acceso ao proxecto técnico definitivo, porque sufriu diferentes modificacións e que na xuntanza que se poida ter, a poder ser incluso no propio Concello de Porto do Son, que se teña unha xuntanza con eles para explicarlle as modificacións que se acometen e como vai quedar definitivamente, e que teñan coñecemento digamos do último proxecto, porque se barallaron varios, houbo varias modificacións sobre a marcha e é necesario, polo menos, que lle expliquen os técnicos da Deputación o proxecto técnico definitivo.

E tamén nese mesmo senso, tamén unha pregunta relativa ao pago das expropiacións, tamén como se están xestionando, se están a acometer os pagos das expropiacións derivadas desta obra.

E por último tamén, un calendario aproximado de remate das obras que teñan lugar alí. Grazas.

Sr. Presidente

Grazas, non teño a información nin das expropiacións, nin da data, ademais o deputado de Vías e Obras tivo que ausentarse, que tiña unha reunión no Concello, pero pasámoslle a información inmediatamente.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.